



## CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

### ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO DE A GUARDA O DÍA 30 DE NOVEMBRO DE 2012

Na Casa Consistorial do Concello de A Guarda, sendo as vinte horas do día trinta de novembro do ano dous mil doce, trala correspondente convocatoria, tivo lugar a sesión ordinaria do Pleno deste Concello que foi presidida polo Sr. Alcalde, D. Jose Manuel Domínguez Freitas e contou coa asistencia dos seguintes concelleiros/as:

- D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> Monserrat Magallanes Alvarez
- D. Miguel Angel Español Otero.
- D. Paulino Rodríguez González.
- D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> Teresa Vicente Baz.
- D. Manuel Javier Crespo González.
- D<sup>a</sup>. Carmen M<sup>a</sup> Castro González.
- D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> de Fátima Iglesias Ferreira
- D. Rafael Pablo Rodríguez Amenedo
- D. Antonio Fontenla Martínez
- D<sup>a</sup>. Hortensia M<sup>a</sup> Vicente Santiago
- D<sup>a</sup>. Rosa M<sup>a</sup> Pazos Lomba, que se incorpora cando se cita.
- D. Javier González Verde
- D. Xan Lois Lomba Alonso.
- D<sup>a</sup>. Hortensia García Díaz
- D<sup>a</sup>. Beatriz Estévez Álvarez

Non asiste:

- D. Antonio Lomba Baz

Actúa como Secretaria a da Corporación Dna. Julia M<sup>a</sup> Carrasco González-Alegre.

Sendo a hora sinalada, o señor Alcalde fai mención á presenza entre o público asistente dos alumnos do IES Sangriña, que en breve terán un Pleno xuvenil, e lles da a benvida en nome da Corporación.

A continuación, pásase a tratar dos asuntos que conforman a orde do día que foron legal e previamente notificados, seguintes

#### **PUNTO 1º.- APROBACIÓN ACTAS SESIÓNS ANTERIORES (Extraord. 24.09.2012, Ord. 28.09.2012, Extraord. Urx. 08.10.2012 e Extraord. 05.11.2012).**

A señora Estévez Alvarez sinala que non ten nada que dicir.

O señor Lomba Alonso di que votarán a favor.

A señora Iglesias Ferreira di votarán a favor

Sometida a votación a **acta de 24.09.2012**, foi aprobada POR **UNANIMIDADE** dos membros presentes: VOTOS A FAVOR: Sres/as Domínguez Freitas, Magallanes Álvarez, Español Otero, Rodríguez González, Vicente Baz, Crespo González, Castro González, Iglesias



## CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

Ferreira, Rodríguez Amenedo, Fontenla Martínez, Vicente Santiago, González Verde, Lomba Alonso, García Díaz e Estévez Álvarez (quinze votos a favor).

Sometida a votación a **acta de 28.09.2012**, foi aprobada por **UNANIMIDADE** dos membros presentes: VOTOS A FAVOR: Sres/as Domínguez Freitas, Magallanes Álvarez, Español Otero, Rodríguez González, Vicente Baz, Crespo González, Castro González, Iglesias Ferreira, Rodríguez Amenedo, Fontenla Martínez, Vicente Santiago, González Verde, Lomba Alonso, García Díaz e Estévez Álvarez (quinze votos a favor).

Sometida a votación a **acta de 08.10.2012**, foi aprobada por **UNANIMIDADE** dos membros presentes: VOTOS A FAVOR: Sres/as Domínguez Freitas, Magallanes Álvarez, Español Otero, Rodríguez González, Vicente Baz, Crespo González, Castro González, Iglesias Ferreira, Rodríguez Amenedo, Fontenla Martínez, Vicente Santiago, González Verde, Lomba Alonso, García Díaz e Estévez Álvarez (quinze votos a favor).

Sometida a votación a **acta de 05.11.2012**, foi aprobada por **UNANIMIDADE** dos membros presentes: VOTOS A FAVOR: Sres/as Domínguez Freitas, Magallanes Álvarez, Español Otero, Rodríguez González, Vicente Baz, Crespo González, Castro González, Iglesias Ferreira, Rodríguez Amenedo, Fontenla Martínez, Vicente Santiago, González Verde, Lomba Alonso, García Díaz e Estévez Álvarez (quinze votos a favor).

### **PUNTO 2º.- PROPOSTA DA ALCALDÍA DE ADHESIÓN AO CONVENIO MARCO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA E ENTIDADES LOCAIS SOBRE O SERVIZO DE RECOLLIDA DE ANIMAIS DOMÉSTICOS.**

O señor Alcalde da conta da seguinte proposta:

#### **“PROPOSTA DA ALCALDÍA**

Recibido en data 6 de agosto de 2012 no Concello da Guarda escrito da Deputación de Pontevedra, en relación co servizo provincial de recollida de animais domésticos, xunto co texto do Convenio Marco de Colaboración entre a Deputación de Pontevedra e as Entidades Locais da Provincia cunha poboación inferior a 50.000 habitantes para o establecemento dun servizo de acollida de animais de compañía abandonados.

Tendo en conta que o Concello da Guarda tiña contratado o devandito servizo cunha empresa, e dada a finalización do devandito contrato e o interese na adhesión ó citado Convenio

Proponse ó Pleno a adopción do seguinte ACORDO:

**1.- Adhesión do Concello da Guarda ó Convenio Marco de Colaboración entre a Deputación de Pontevedra e as Entidades Locais da Provincia cunha poboación inferior a 50.000 habitantes para o establecemento dun servizo de acollida de animais de compañía abandonados, acordando expresamente a delegación a favor da Deputación de Pontevedra de competencias recollidas na cláusula terceira, 1.a) do texto citado: competencia de ordenación, xestión e prestación do servizo de recollida de animais de**



## CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

**compañía abandonados, incluída a resolución dos recursos administrativos interpostos contra os actos ditados no exercicio das competencias delegadas. Exceptúase desa delegación os poderes de policía e de carácter sancionador que o ordenamento xurídico lles atribúe e que seguirá conservando o Concello da Guarda. As competencias delegadas exerceranse na totalidade do territorio do Concello da Guarda. A delegación de competencias terá plenos efectos desde a adxudicación da prestación do servizo por parte da Deputación e estenderase ata a finalización do período contractual establecido para o mesmo.**

**2.- Adquirir o compromiso de realizar as achegas económicas que, como contraprestación, lle correspondan**

**3.- Facultar o Alcade para a sinatura dos documentos derivados do presente Convenio.”**

A señora Estévez Álvarez pregunta pola vixencia do Convenio, contestando o señor Alcalde que un ano.

A señora Estévez Álvarez di que se vai abster, non porá impedimentos.

O señor Lomba Alonso, por unha cuestión de orde, fai notar que no orde do día non aparece o punto de dar conta de decretos, contestando o señor Alcalde que unha vez rematado o debate deste punto será incluído por urxencia, non poñendo impedimentos os membros da Corporación.

O señor Lomba Alonso di que se trata dun Convenio anual, e podería elevarse ó Pleno a súa prórroga, contestando o señor Español Otero que se entenderá tácitamente prorrogado, salvo denuncia das partes.

(Neste momento se incorpora á sesión a señora Pazos Lomba, 20:15 horas).

O señor Lomba Alonso di que hai dúbidas sobre cómo se vai acabar facendo: o BNG solicita que, para dar o seu voto favorable, sempre que se revisase dentro dun ano, levando o Convenio ó Pleno para ratificalo, dependendo de cómo funcione e se resulta axeitado para o Concello.

A señora Iglesias Ferreira di que o abandono de animais é un problema ético, humanitario, de saúde pública e de seguridade vial. Trátase dunha competencia municipal, e na Comisión de Asuntos Plenarios xa preguntaron sobre os beneficios, que son principalmente económicos, pois se pasa de 11.000 euros a 3.100 euros anuais, o que supón un importante aforro anual. Botan en falta a información sobre as melloras do servizo, e confían na labor da concellalía delegada, non serán un obstáculo, se trata dun Convenio anual e prorrogable se as partes así o queren.

Intervén o señor Crespo González e di que o Convenio supón melloras económicas, as vantaxes respecto da anterior empresa serán que se manteñen as mesmas. O argumento é basicamente económico. Eles son os primeiros intersados en que funcione ben, e se non é así, se retomaríaa á empresa.



## CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

O señor Alcalde diríxese ó señor Lomba Alonso e di que non hai problema en sometelo a consideración da Corporación.

A señora Iglesias Ferreira di que o propio Convenio sinala que se fará un informe de avaliación.

O señor Español Otero di que recolle facer unha avaliación anual, se entenden que o Convenio non responde poden denuncialo con tres meses de antelación. Di que dificultades pode haber, pero terán que velo, porque en principio é satisfactorio para o Concello, e non teñen problema en traelo ó Pleno para valoralo.

Sometida a votación a proposta, foi aprobada co seguinte resultado:

**VOTOS A FAVOR:** Sres/as Domínguez Freitas, Magallanes Alvarez, Español Otero, Rodríguez González, Vicente Baz, Crespo González, Castro González, Lomba Alonso e García Díaz (nove votos a favor).

**ABSTENCIÓNS:** Sres/as. Iglesias Ferreira, Rodríguez Amenedo, Fontenla Martínez, Vicente Santiago, Pazos Lomba, González Verde e Estévez Álvarez ( sete abstencións).

A continuación se procede a votar a urxencia da inclusión na orde do día do punto relativo á dar conta de decretos, que por un erro non foi incluído no mesmo, sendo aprobada a urxencia por **UNANIMIDADE** dos membros presentes: **VOTOS A FAVOR:** Sres/as Domínguez Freitas, Magallanes Alvarez, Español Otero, Rodríguez González, Vicente Baz, Crespo González, Castro González, Iglesias Ferreira, Rodríguez Amenedo, Fontenla Martínez, Vicente Santiago, Pazos Lomba, González Verde, Lomba Alonso, García Díaz e Estévez Álvarez (dezaséis votos a favor).

### **PUNTO 3º.- DAR CONTA DE DECRETOS.**

A señora Estévez Álvarez dase por enteirada.

O señor Lomba Alonso dase por enteirado.

A señora Iglesias Ferreira dase por enteirada.

### **PUNTO 4º.- PROPOSTA DA ALCALDÍA DE ADHESIÓN AO CONVENIO MARCO DE COLABORACIÓN ENTRE TRÁFICO E A FEMP PARA INTERCAMBIO DE INFORMACIÓN.**

O señor Alcalde da conta da seguinte proposta:

#### **“PROPOSTA DA ALCALDÍA**

**Remitido pola Dirección Xeral de Tráfico ( Ministerio do Interior) “Convenio de colaboración entre o organismo autónomo Xefatura Central de Tráfico e a Federación Española de Municipios e Provincias para o intercambio de información e a mutua**



## CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

colaboración administrativa”, e considerando de gran interese a adhesión do Concello da Guarda ó mesmo, tendo en conta a cláusula segunda do citado texto,

**Proponse ó Pleno a adopción do seguinte ACORDO:**

**1.- Adhesión íntegra do Concello da Guarda ó “Convenio de colaboración entre o organismo autónomo Xefatura Central de Tráfico e a Federación Española de Municipios e Provincias para o intercambio de información e a mutua colaboración administrativa”.**

**2.- Facultar o Alcade para a sinatura do Convenio e do Protocolo de adhesión ao mesmo.**

**3.- Remitir o presente acordo á Xefatura Central de Tráfico e á Xefatura Provincial de Tráfico.”**

A señora Estévez Álvarez di que está de acordo co acercamento das Administracións Públicas ós cidadáns, e evitar desprazamentos, tempo e cartos ós veciós.

O señor Lomba Alonso di que non van dificultar a aprobación, se van abster.

A señora Iglesias Ferreira di que non impedirán que prospere.

Sometida a votación a proposta, foi aprobada co seguinte resultado:

**VOTOS A FAVOR:** Sres/as Domínguez Freitas, Magallanes Alvarez, Español Otero, Rodríguez González, Vicente Baz, Crespo González, Castro González e Estévez Álvarez (oito votos a favor).

**ABSTENCIÓNS:** Sres/as. Iglesias Ferreira, Rodríguez Amenedo, Fontenla Martínez, Vicente Santiago, Pazos Lomba, González Verde, Lomba Alonso e García Díaz (oito abstencións).

### **PUNTO 5º.- PROPOSTA DA ALCALDÍA DE APROBACIÓN INICIAL DA ORDENANZA REGULADORA DE OCUPACIÓN TEMPORAL DE TERRAZAS.**

O señor Alcalde da conta da seguinte proposta:

#### **“PROPOSTA DA ALCALDÍA**

**Redactada Ordenanza reguladora da ocupación temporal de terrazas do Concello da Guarda, vista a memoria da Concalleira de Turismo, e emitido informe de Secretaría sobre os pasos a seguir para proceder á aprobación das Ordenanzas e Regulamentos Municipais**

**Propoño ó Pleno a adopción do seguinte ACORDO:**

**1.- Aprobación inicial da Ordenanza reguladora da ocupación temporal de terrazas do Concello da Guarda.**



## CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

### **2.- Ordena-la publicación nos boletíns oficiais correspondentes.”**

Intervén a señora Magallanes Álvarez e di que se trata de adecuar a Ordenanza á realidade, facer máis estensíbel a tempada de ubicación de terrazas, simplificar a tramitación e a prórroga, e suprimir artigos que dificultaban e limitaban as terrazas, facilitando a convivencia das mesmas con outros usos.

A señora Estévez Álvarez di que cre que as modificacións das Ordenanzas se son para ben, mellor. Cre que falta que se lles dea ós propietarios o marxe de telas abertas todo o ano.

O señor Lomba Alonso di que non entende a intervención da señora Estévez Álvarez.

A señora Estévez Álvarez explica que se refire a que os propietarios que queiran ter a terraza posta todo o ano, que poidan tela, como pasa na zona de Portos.

O señor Lomba Alonso di que el se cinguirá á proposta da Alcaldía. Haberá un período de alegacións, e o BNG xa espuxo as súas propostas, como o relativo ó seguro de responsabilidade civil. Se van abster, non dificultarán que se aprobe, a pesar de que se podería mellorar, e tratar de que os locais poidan telas noutros momentos do ano. Se van abster e lle darán unha volta ás súas dúbidas.

A señora Iglesias Ferreira di que o asunto foi amplamente tratado na Comisión de Asuntos Plenarios, é importante que se traia a Pleno e se vele polo seu cumprimento, é unha adecuación á realidade, e non serán obstáculo.

Intervén a señora Magallanes Álvarez e di que haberá un período de alegacións, se estudarán, e todo o que sirva para melloralas se terá en conta.

Sometida a votación a proposta, foi aprobada co seguinte resultado:

**VOTOS A FAVOR:** Sres/as Domínguez Freitas, Magallanes Alvarez, Español Otero, Rodríguez González, Vicente Baz, Crespo González e Castro González (sete votos a favor).

**VOTOS EN CONTRA:** Sra. Estévez Álvarez (un voto en contra).

**ABSTENCIÓNS:** Sres/as. Iglesias Ferreira, Rodríguez Amenedo, Fontenla Martínez, Vicente Santiago, Pazos Lomba, González Verde, Lomba Alonso e García Díaz (oito abstencións).

### **PUNTO 6º.- PROPOSTA DA ALCALDIA SOBRE O MANTEMENTO DO EQUILIBRIO ECONÓMICO DO CONTRATO SCI XESTIÓN TRIBUTARIA.**

O señor Alcalde da conta da seguinte proposta:

#### **“PROPOSTA DA ALCALDÍA**



## CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

**Vista a solicitude presentada pola empresa Servicios de Colaboración Integral, SL en data 25 de setembro de 2012 ( RE 6139), adxudicataria do contrato de “Servicios de Colaboración na Xestión Tributaria, Censal, Inspector e Recadadora” do Concello da Guarda, sobre incremento do IVE en relación co devandito contrato.**

**Emitido informe pola Tesorería Municipal, coa conformidade do Interventor Municipal, de carácter favorable á solicitude presentada, “ no sentido de manter invariable a base impositiva equivalente ó prezo de adxudicación menos a cuota de IVE ó 16% ( vixente no momento de adjudicación), aplicando o tipo impositivo vixente no momento do devengo do IVE.”**

**Tendo en conta que na presente adxudicación o órgano de contratación foi o Pleno da Corporación.**

**Propónse ó Pleno a adopción do seguinte ACORDO:**

**1.- Aceptar a solicitude presentada pola empresa Servicios de Colaboración Integral, SL en data 25 de setembro de 2012 ( RE 6139), adxudicataria do contrato de “Servicios de Colaboración na Xestión Tributaria, Censal, Inspector e Recadadora” do Concello da Guarda, sobre incremento do IVE en relación co devandito contrato, e manter invariable a base impositiva equivalente ó prezo de adxudicación menos a cota de IVE ó 16% ( vixente no momento de adxudicación), aplicando o tipo impositivo vixente no momento do devengo do IVE.**

**2.- Notificar o presente acordo ó interesado, e ós departamentos de Intervención e Tesorería municipais.”**

Intervén a señora Magallanes Álvarez e explica que se trata dunha adecuación nun contrato sobre a repercusión do tipo impositivo, que cambiou, e conta con informes favorables de tesorería e intervención.

A señora Estévez Álvarez di que votará en contra, pois a empresa presentou unha oferta, gañando un concurso e debe continuar coa súa oferta.

O señor Lomba Alonso di que a revisión do IVE é consecuencia das leis do Partido Popular de subir o IVE. Consideran inxusto que a empresa que naquel momento gañou un concurso e estaba obrigada a un tipo determinado agora lle teñamos que repercutir a suba debido as medidas do goberno central. O incremento non o debe asumir a empresa por unha medida do goberno, é inxusto. Plantexou a dúbida, e a repercusión a asumirá o Concello, polo que se van abster, para non dificultar.

A señora Iglesias Ferreira e di que entende que se o tipo impositivo varía, debe axustarse, pois é un incremento no gasto, pero non varían as condicións do contrato, contando con informes favorables de tesorería e intervención. Votarán a favor.

A señora Magallanes Álvarez di que a base impositiva non varía, pero se trata dunha medida estatal obrigatoria e a empresa non ten a obriga de asumir, explicando que neste caso, o consumidor final é o Concello, pero insiste en que a base impositiva é a mesma.



## CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

Sometida a votación a proposta, foi aprobada co seguinte resultado:

**VOTOS A FAVOR:** Sres/as Domínguez Freitas, Magallanes Alvarez, Español Otero, Rodríguez González, Vicente Baz, Crespo González, Castro González, Iglesias Ferreira, Rodríguez Amenedo, Fontenla Martínez, Vicente Santiago, Pazos Lomba e González Verde (trece votos a favor).

**VOTOS EN CONTRA:** Sra.eEstévez Álvarez (un voto en contra).

**ABSTENCIÓNS:** Sres/as. Lomba Alonso e García Díaz (dúas abstencións).

### **PUNTO 7º.- PROPOSTA DA ALCALDÍA D SINALIZACIÓN DO CAMIÑO PORTUGUÉS POLA COSTA.**

O señor Alcalde da conta da seguinte proposta:

#### **“SINALIZACIÓN CAMIÑO PORTUGUÉS POLA COSTA.**

“A mediados do 2009 o Camiño Portugués da Costa foi recoñecido oficialmente pola Xunta de Galicia cumpríndose deste xeito coa aspiración de distintas asociacións, particulares e das entidades locais que viñan traballando dende tempo atrás no recoñecemento desta ruta xacobeá. A partir desta data os concellos integrantes comezamos a traballar conxuntamente no trazado do Camiño, na súa sinalización e divulgación coa posta en marcha de variadas iniciativas como a organización de peregrinacións a Santiago, a edición de folletos informativos, presentación en feiras de turismo, convocatoria do I Concurso Internacional de Fotografía, organización das II Xornada sobre Camiño Portugués da Costa, etc.

Nas diversas reunións mantidas por representantes dos distintos concellos galegos, autarquías do litoral portugués e asociacións vinculadas ó Camiño da Costa, reiterouse por parte dos asistentes a necesidade de sinalizar mediante os elementos convencionais (moxóns no rural, azulexos e placas nas zonas urbanas) o Camiño de Santiago. Tal petición reiterouse ante responsables da SA de Xestión do Xacobeo por distintos medios e de forma oficial en reunións mantidas por alcaldes dos concellos do Camiño con responsables do Xacobeo.

Ata o día de hoxe a resposta ó compromiso de sinalización do Camiño, logo de tres anos de esforzo dos concellos para avanzar na súa consolidación, non se viron satisfeitas pola Consellería de Cultura polo que, co ánimo de continuar impulsando este itinerario xacobeo, propono a este pleno a adopción dos seguintes acordos:

1º Solicitar da SA de Xestión do Xacobeo e da Consellería de Cultura que se proceda da maneira máis inmediatea posible á sinalización do trazado do Camiño Portugués da Costa.

2º Dar traslado do acordo adoptado polo pleno ós restantes concellos galegos do Camiño Portugués da Costa para que, se o consideran oportuno, o suscriban.





## CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

### **3º Enviar o presente acordo á SA de Xestión do Xacobeo.**

**A Guarda, a 20 de novembro de 2012”**

A señora Estévez Álvarez di que está de acordo, é importante, e pide que no apartado segundo se inclúa dar traslado á Asociación pioneira no camiño, a Asociación Amigos dos Pazos.

O señor Lomba Alonso di que a sinalización é unha posta en valor do camiño, votarán a favor.

A señora Iglesias Ferreira di que a petición está xustificada, e se suman a ela.

Intervén o señor Crespo González e agradece o apoio. Di que deben traballar por un itinerario interesante, dende febreiro ou marzo non houbo iniciativas, non teñen respaldo da Consellería de Cultura, pois non cumpriron os seus compromisos. A sinalización é provisional, non é correcta, non lles satisface, hai que poñela á altura de calqueira ruta xacobeá, e queren a suma doutros Concellos. Aceptan a enmenda de Convergencia Galega.

A proposta quedaría redactada como segue:

### **“SINALIZACIÓN CAMIÑO PORTUGUÉS POLA COSTA.**

**A mediados do 2009 o Camiño Portugués da Costa foi recoñecido oficialmente pola Xunta de Galicia cumpríndose deste xeito coa aspiración de distintas asociacións, particulares e das entidades locais que viñan traballando dende tempo atrás no recoñecemento desta ruta xacobeá. A partir desta data os concellos integrantes comezamos a traballar conxuntamente no trazado do Camiño, na súa sinalización e divulgación coa posta en marcha de variadas iniciativas como a organización de peregrinacións a Santiago, a edición de folletos informativos, presentación en feiras de turismo, convocatoria do I Concurso Internacional de Fotografía, organización das II Xornada sobre Camiño Portugués da Costa, etc.**

**Nas diversas reunións mantidas por representantes dos distintos concellos galegos, autarquías do litoral portugués e asociacións vinculadas ó Camiño da Costa, reiterouse por parte dos asistentes a necesidade de sinalizar mediante os elementos convencionais (moxóns no rural, azulexos e placas nas zonas urbanas) o Camiño de Santiago. Tal petición reiterouse ante responsables da SA de Xestión do Xacobeo por distintos medios e de forma oficial en reunións mantidas por alcaldes dos concellos do Camiño con responsables do Xacobeo.**

**Ata o día de hoxe a resposta ó compromiso de sinalización do Camiño, logo de tres anos de esforzo dos concellos para avanzar na súa consolidación, non se viron satisfeitas pola Consellería de Cultura polo que, co ánimo de continuar impulsando este itinerario xacobeo, propoño a este pleno a adopción dos seguintes acordos:**



## CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

**1º Solicitar da SA de Xestión do Xacobeo e da Consellería de Cultura que se proceda da maneira máis inmediata posible á sinalización do trazado do Camiño Portugués da Costa.**

**2º Dar traslado do acordo adoptado polo pleno ós restantes concellos galegos do Camiño Portugués da Costa para que, se o consideran oportuno, o suscriban.**

**3º Enviar o presente acordo á SA de Xestión do Xacobeo e a Asociación Amigos dos Pazos.**

**A Guarda, a 20 de novembro de 2012”**

Sometida a votación a proposta, foi aprobada por **UNANIMIDADE** dos membros presentes: **VOTOS A FAVOR:** Sres/as Domínguez Freitas, Magallanes Alvarez, Español Otero, Rodríguez González, Vicente Baz, Crespo González, Castro González, Iglesias Ferreira, Rodríguez Amenedo, Fontenla Martínez, Vicente Santiago, Pazos Lomba, González Verde, Lomba Alonso, García Díaz e Estévez Álvarez (dezasete votos a favor).

### **PUNTO 8º.- DAR CONTA DO INFORME DE MOROSIDADE (3º TRIMESTRE).**

O señor Alcalde da conta do informe de morosidade (3º trimestre).

A señora Estévez Álvarez dase por enteirada, pero quere deixar constancia de que lles foi entregado o listado de facturas.

O señor Lomba Alonso dase por enteirado.

A señora Iglesias Ferreira di que a pesar de solicitar explicacións, pregunta pola relación de facturas pendentes de pago, pois non é suficiente que lles digan que están á súa disposición nas dependencias económicas. Pregunta se houbo algunha modificación legal que impida que se lles facilite co informe, pois sempre foi así. Di que se dan por enteirados.

A señora Magallanes Álvarez di que non é un criterio político, senón técnico, esta é unha obriga da normativa, cada vez se establecen uns criterios. Di que é criterio da Tesoreira que o expediente está completo, e que os grupos que queiran consultalo poden facelo, pero o expediente está completo, a criterio da técnica asinante do informe.

Pregunta a señora Iglesias Ferreira se é un criterio da Tesoreira, contestando a señora Magallanes Álvarez que é un criterio da Tesoreira, que é a técnica que prepara a documentación, e se precisan máis información adicional poden consultalo no seu despacho.

(Sae o señor Español Otero, 20:45 horas).

### **PUNTO 9º.- DECLARACIÓN DE NON DISPOÑIBILIDADE DA PAGA EXTRA.**

O señor Alcalde da conta da seguinte proposta:

**” PROPOSTA DE ALCALDÍA**



## CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

O apartado 1 do artigo 2 do Real Decreto-lei 20/2012, detalla en relación a "Paga extraordinaria del mes de diciembre de 2012 del personal del sector público", a obriga de reducir as retribucións anuais de 2012 do persoal ao servizo do sector público, no importe correspondente a paga extraordinaria a percibir no mes de decembro, nos seguintes termos:

"En el año 2012 el personal del sector público definido en el artículo 2. Uno de la Ley 2/2012, de 29 de junio, de Presupuestos Generales del Estado, verá reducida sus retribuciones en las cuantías que corresponda percibir en el mes de diciembre como consecuencia de la supresión tanto de la paga extraordinaria como de la paga adicional de complemento específico o pagas adicionales equivalentes de dicho mes".

Adicionalmente, o artigo 22 da Lei 2/2012, de Orzamentos Xerais do Estado para 2012, establece no seu apartado 2, que:

"En el año 2012, las retribuciones del personal al servicio del sector público no podrán experimentar ningún incremento respecto a las vigentes a 31 de diciembre de 2011, en términos de homogeneidad para los dos períodos de la comparación, tanto por lo que respecta a efectivos de personal como a la antigüedad del mismo".

Estas normas teñen carácter básico, de conformidade co disposto nos artigos 149.1.13 e 156 da Constitución.

A aplicación do disposto nas mesmas obriga as Entidades locais, igual que ao resto do Sector Público, a cumprir cunha triple obriga en relación as retribucións a percibir no presente ano 2012 polo persoal ao seu servizo:

1.- Supresión da paga extraordinaria e das pagas adicionais de complemento específico ou equivalentes, correspondentes ao mes de decembro.

2.- Redución das retribucións anuais previstas, no importe correspondente as ditadas pagas

3.- Que os importes das retribucións a percibir polo persoal no presente ano non superen, en ningún caso, e en termos de homoxeneidade, as abonadas en 2011, minorándose na contía das pagas a suprimir.

Segundo recolle o apartado 4 do artigo 2 do R.D. Ley 20/2012, "Las cantidades derivadas de la supresión de la paga extraordinaria y de las pagas adicionales de complemento específico o pagas adicionales equivalentes de acuerdo con lo dispuesto en este artículo se destinarán en ejercicios futuros a realizar aportaciones a planes de pensiones o contratos de seguro colectivo que incluyan la cobertura de la contingencia de jubilación, con sujeción a lo establecido en la Ley Orgánica 2/2012, de Estabilidad

Presupuestaria y Sostenibilidad Financiera y en los términos y con el alcance que se determine en las correspondientes leyes de presupuestos".



## CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

Aos efectos descritos, e ao obxecto de contribuir mediante esta medida de economía de gasto, ao cumprimento do obxectivo de déficit para 2012 do conxunto das Administracións Públicas procede declarar como non disponibles o créditos sobrantes correspondentes ao importe deixado de abonar polo concepto paga extraordinaria, pagas adicionais do complemento específico ou equivalentes, mediante acordo de non disponibilidad, de conformidade co disposto no artigo 33 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, segundo o cal:

### **“Artículo 33.**

**1. La no disponibilidad de crédito se deriva del acto mediante el cual se inmoviliza la totalidad o parte del saldo de crédito de una partida presupuestaria, declarándolo como no susceptible de utilización.**

**2. La declaración de no disponibilidad no supondrá la anulación del crédito, pero con cargo al saldo declarado no disponible no podrán acordarse autorizaciones de gastos ni transferencias y su importe no podrá ser incorporado al presupuesto del ejercicio siguiente.**

**3. Corresponderá la declaración de no disponibilidad de créditos, así como su reposición a disponible, al pleno de la entidad”.**

Vistas as atribucións conferidas polos artigos 21 da Lei 7/1985 reguladora das bases de réxime local e 61 da Lei 5/1997 de administración local de Galicia, esta alcaldía, **PROPÓN** a adopción do seguinte acordó.

**PRIMEIRO.- Declarar como non disponibles o créditos sobrantes correspondentes ao importe deixado de abonar polo concepto paga extraordinaria, pagas adicionais do complemento específico ou equivalentes, mediante acordo de non disponibilidad, por importe de 85.042,24€, de conformidade co disposto no artigo 33 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, polo importe que se detalla na documentación anexa.”**

(Regresa o señor Español Otero, 20:46 horas).

A señora Estévez Álvarez di que a proposta ven imposta por lei dende Madrid, non están de acordo.

O señor Lomba Alonso di que é a mesma obrigatoriedade que co IVE na proposta anterior. Di que eses cartos se destinarán a plans de pensións, pero opina que se lles deran os cartos ós traballadores sería mellor. Votarán en contra por sentido común, porque son insumisos á quitarlles a paga ós traballadores, por coherencia coa moción que presentaron e porque non van tolerar que se lles faga pagar a quen menos culpa ten, di que é inxusto.

A señora Iglesias Ferreira di que o acordo ven imposto por lei, non se van opoñer e apoiarán a proposta.

Intervén o señor Español Otero e diríxese ó señor Lomba Alonso dicindo que esa sensibilidade a ten o equipo de goberno, se vai pagar un porcentaxe desa paga, equivalente ó



## CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

porcentaxe da mesma devengado entre o 1 de xuño e o 15 de xullo, como sinalou nunha resolución o Defensor do Pobo. Se deixou claro que deixarán un marxe de manobra, non son partidarios de que se queden sen paga, e piden un plus de confianza.

O señor Alcalde di que se trata dunha proposta da Alcaldía imposta por lei, e el non quereda traela, polo que a votación será libre no seo do equipo de goberno. Sería unha contradicción que o Alcalde votara en contra dunha proposta da Alcaldía, pero el sabe o que sinte á hora de votala.

Sometida a votación a proposta, foi aprobada co seguinte resultado:

**VOTOS A FAVOR:** Sres/as Domínguez Freitas, Magallanes Alvarez, Español Otero, Rodríguez González, Castro González, Iglesias Ferreira, Rodríguez Amenedo, Fontenla Martínez, Vicente Santiago, Pazos Lomba e González Verde (once votos a favor).

**VOTOS EN CONTRA:** Sres/as. Lomba Alonso, García Díaz e Estévez Álvarez (tres votos en contra).

**ABSTENCIÓNS:** Sres/as. Vicente Baz, Crespo González (dúas abstencións).

### **PUNTO 10º.- DAR CONTA DA COMPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR.**

O señor Alcalde da conta do escrito presentado pola voceira do grupo municipal do PP, coa composición do grupo:

- D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> de Fátima Iglesias Ferreira
- D. Rafael Pablo Rodríguez Amenedo
- D. Antonio Fontenla Martínez
- D<sup>a</sup>. Hortensia M<sup>a</sup> Vicente Santiago
- D<sup>a</sup>. Rosa M<sup>a</sup> Pazos Lomba.
- D. Javier González Verde

Os membros presentes da Corporación se dan por enteirados.

### **PUNTO 11º.- MOCIÓNS.**

#### **R.E. nº 6.877 de Convergencia Galega: Limpeza Integral da Alameda.**

A señora Estévez Álvarez da lectura da seguinte moción:

#### **“LIMPEZA INTEGRAL DA ALAMEDA**

**Os sábados pola noite, as xuntanzas que se celebran na zona da Alameda, conlevan que neste recinto caían restos de comestible e de bebidas, moitas delas azucaradas, ou xaropes que forman sustancias pastosas polo chán.**

**Asimesmo, nalgunhas ocasións en que se rompen recipientes de vidro, quedan**



## CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

restos minúsculos, que non se recollen cún simple barrido sen máis.

As situacións descritas nos parágrafos anteriores, fan que os domingos con bó tempo, a asistencia de familias enteiras acodan a Alameda, no que os menores, gateando, correndo, retozan e aproveitan os espazos de xogo para esparcemento.

En máis dunha ocasión, ten acontecido, que no solo ubicado no parque infantil, aparecen restos miúdos de vidro, restos de bebida e outros produtos, que non só provoquen os o primer despiste dos pais-nais/abos, atopen os menores embadurnados destas sustancias, ou o que é máis perigoso, cortados en máis e pernas con cristais.

O problema se engrosa altamente tamén no múrete que separa a Alameda ca Transversal Troncoso e no que da hacia a rúa Rosalía de Castro, donde sentarse as persoas maiores o é unha "proeza" si a roupa sáe limpa, ou no caso dos menores, haberá que añadir as máns e resto do corpo. E insistimos, tamén restos de vidro.

Diante deste panorama que describimos, pero do que son testemuña bastantes vecinos dos que acuden a estas instalacións, é polo que dende CONVERXENCIA GALEGA, vimos a proponer ao Pleno Municipal para o seu debate e aprobación si procede a seguinte MOCIÓN:

O Concello de A Guarda, acorda que dende mediados da primaveira a mediados do outono, naqueles fins de semán en que as incidencias climáticas sean axeitadas para acudir os domingos a pasear a Alameda, o Equipo de Goberno Municipal, procederá a primeira hora da mañán a mandar baldear con auga a presión, a fin de evitar os distintos percances de suciedade e risco para os usuarios maiores e crios da Alameda.

### **A Guarda, a Outubro, 2.012"**

A señora García Díaz di que non entenden a moción nin o seu obxectivo real, pois o problema da limpeza se produce todo o ano. Isto está moi ben para un boletín ou nota de prensa. Dende o BNG instan ó equipo de goberno a mantelo limpo todo o ano.

A señora Iglesias Ferreira di que rexistraron peticións de limpeza de rúas, de contedores, pensa que o turno de rogos e preguntas ou o Rexistro de Entrada están para iso, pois a moción engloba a competencia dunha concellería, que debería expresar a súa vontade e se están levando a cabo. Todos están a favor da limpeza, e saben a postura do concelleiro delegado. Lles consta que se limpa os domingos pola mañán e os luns. Hai que ter en conta a dispoñibilidade do persoal, pero pensa que invaden competencias, pois pode non ser competencia do Pleno.

O señor Español Otero di que a moción non ten nin pés nin cabeza. Os voceiros o deixaron claro, é unha competencia delegada nun concelleiro, se poderán facer as críticas que queiran, que son infundadas, a Alameda ten unha persoa diariamente que bota alí horas. O domingo se fai unha recollida do botellón. Isto non é motivo dun Pleno, non poden traer unha moción na que digan a que hora hai que limpar ou de que maneira. Pódese queixar, pero se baldea o luns que é cando teñen efectivos. Non van aprobar a moción.



## CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

A señora Estévez Álvarez di que presentan esta moción porque cren que é necesario que o domingo, se se pode, se faga limpeza. Non queren dicirlle ó concelleiro delegado como ten que facer, pero o domingo pola tarde hai cristais.

O señor Español Otero di que pode haber cristais neste momento, pero quere que quede claro que isto non é motivo dunha moción para o Pleno, porque se trata dunha determinación do equipo de goberno, e lle dí á señora Estévez Álvarez que non lle fagan traer esta moción porque non é competencia do Pleno.

A señora Estévez Álvarez di que quere que lle digan por escrito as competencias do Pleno porque non sabe onde están recollidas, contestando a Secretaria que no artigo 22 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora de Bases de Réxime Local.

Sometida a votación a proposta, acadou seguinte resultado:

**VOTOS A FAVOR:** Sra. Estévez Álvarez (un voto a favor).

**VOTOS EN CONTRA:** Sres/as Domínguez Freitas, Magallanes Alvarez, Español Otero, Rodríguez González, Vicente Baz, Crespo González, Castro González, Iglesias Ferreira, Rodríguez Amenedo, Fontenla Martínez, Vicente Santiago, Pazos Lomba e González Verde (trece votos a favor).

**ABSTENCIÓNS:** Sres/as, Lomba Alonso e García Díaz (dúas abstencións).

**A moción non prospera.**

**R.E. nº 7.155 do BNG: Mocion diante do 25 de novembro de 2012, día da non violencia contra as mulleres, e contra os recortes na protección das vítimas de violencia de xénero.**

A señora García Díaz da lectura da seguinte moción:

**“MOCIÓN DIANTE DO 25 DE NOVEMBRO DE 2012, DÍA DA NON VIOLENCIA CONTRA AS MULLERES, E CONTRA OS RECORTES NA PROTECCIÓN DAS VÍTIMAS DE VIOLENCIA DE XÉNERO**

**1-Exposición de motivos:**

**Vivir sen violencia é un dereito. A violencia machista conculca os dereitos e pon en perigo a vida de moitas mulleres galegas, é a manifestación máis terríbel da desigualdade entre homes e mulleres que persiste na nosa sociedade. A obriga das Administracións públicas é poner os medios para erradicar a violencia de xénero e protexer ás vítimas.**

**Malia os esforzos realizados nos últimos anos, malia o desenvolvemento lexislativo, estamos a ver como o medre do paro e o desmantelamento dos servizos públicos está empobrecendo de xeito especial ás mulleres e afectando gravemente á nosa vulnerabilidade ante a violencia machista.**



## CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

A dependencia económica é o maior dos obstáculos para as vítimas de violencia de xénero racharen coa relación que pon en perigo as súas vidas. Estamos a vivir recortes en programas e recursos imprescindíbeis para apoiar ás mulleres que deciden dar o paso: a axuda coñecida como salario da liberdade, chegou en 2010 a 369 mulleres e só a 251 en 2011.

A incerteza sobre a contínuidade da gratuidade da xustiza e a suba de taxas xudiciais a particulares, que cuestionan o dereito á tutela xudicial, pode influir na decisión de interponer unha denuncia. Hai que lembrar que en Galiza, dende 2009 redúcese cada ano as denuncias, tanto en números absolutos de 6.068 en 2009, a 5.153 en 2011, como na porcentaxe que supón das denuncias no Estado, do 4,5% en 2009 ao 3,8% en 2011, sen que esta redución se poda achacar a unha redución da incidencia da violencia machista na sociedade galega.

O acompañamento das mulleres para accederen aos recursos e nos procesos xudiciais é garantía de seguridade para elas e pode evitar que o medo, a presión, as faga volver co maltratador. O persoal especializado e o voluntariado que realizan estas funcións vese tamén afectado polos recortes das axudas aos concellos e outras entidades.

Seguen sen desenvolverse medidas previstas na Lei 11/2007, relativas á implicación do SERGAS na detección, prevención e asistencia ás vítimas de violencia de xénero. Non se realiza na rede pública a atención psicolóxica de mulleres e crianzas afectadas. Unha atención fundamental para construír a autonomía persoal e iniciar unha nova vida.

Moitos concellos teñen sido pioneiros no desenvolvemento de medidas contra a violencia de xénero. Nestes momentos de dificultades orzamentarias débense manter e mellorar as actuacións contra a violencia de xénero e de protección ás vítimas. Débese tamén reclamar doutras instancias competentes, o cumprimento das obrigas, da garantía do dereito das mulleres a vivir sen violencia.

**2- Por todo isto o BNG ven a pedir para que adoite as seguinte**

### **ACORDO**

**A Corporación municipal asume o compromiso de manter e mellorar os recursos municipais de información, acompañamento e asistencia a vítimas de violencia de xénero.**

**A Corporación municipal insta ao Goberno Galego a:**

**Mellorar a dotación orzamentaria e facilitar o acceso ás axudas económicas a vítimas de violencia de xénero.**

**Desenvolver tal como sinala a Lei 11/2007 a atención psicolóxica a mulleres e crianzas na rede sanitaria pública, dotándoa dos medios materiais e humanos precisos.**





## CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

**Garantir a tutela xudicial das vítimas evitando a disuasión económica das taxas xudiciais.**

**A Corporación municipal acorda dar traslado deste acordó ao presidente da Xunta de Galiza, así como aos grupos parlamentarios do Parlamento de Galiza.”**

A señora García Díaz quere engadir que neste contexto de crise económica as mulleres teñen máis precariedade e máis dificultades para actuar.

A señora Estévez Álvarez di que está de acordo con axudar a estas mulleres que bastante mal o pasan.

A señora Iglesias Ferreira di que estas son as cifras do BNG, pero por riba delas debe haber un consenso de toda a sociedade e unha unión decidida e unha aposta firme para acabar con esta lacra. Solicitan que se acepte un engadido, nos seguintes termos:

Punto 1: Seguir avanzando para mellorar a dotación orzamentaria e facilitar o acceso ás axudas económicas a vítimas de violencia de xénero.

Punto 2: Seguir avanzando para desenvolver tal como sinala a Lei 11/2007 a atención psicolóxica a mulleres e crianzas na rede sanitaria pública, dotándoa dos medios materiais e humanos precisos.

Punto 3: Pensan que neste momento está garantida, polo que piden que se retire ou se diga” *seguir garantindo a tutela xudicial das vítimas evitando a disuasión económica das taxas xudiciais”*

A señora García Díaz di que está é unha moción do BNG, e se o PP ten tanto interese no tema da muller, que presente a súa.

A señora Magallanes Álvarez di que votarán a favor da moción.

A señora Iglesias Ferreira di que se non hai consenso, non poden votar a favor da moción porque o punto 3 xa está garantido.

Sometida a votación a proposta, foi aprobada co seguinte resultado:

**VOTOS A FAVOR:** Sres/as Domínguez Freitas, Magallanes Alvarez, Español Otero, Rodríguez González, Vicente Baz, Crespo González, Castro González, Lomba Alonso, García Díaz e Estévez Álvarez (dez votos a favor).

**ABSTENCIÓNS:** Sres/as. Iglesias Ferreira, Rodríguez Amenedo, Fontenla Martínez, Vicente Santiago, Pazos Lomba e González Verde (seis abstencións)

**R.E. nº 7.156 do BNG: Moción para a etiquetaxe obrigatoria dos produtos galegos do mar para conserva ou transformación.**

O señor Lomba Alonso da lectura da seguinte moción:



## CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

### **“MOCIÓN PARA A ETIQUETAXE OBRIGATORIA DOS PRODUTOS GALEGOS DO MAR PARA CONSERVA OU TRANSFORMACIÓN**

#### **1-Exposición de motivos:**

Galiza é a primeira potencia europea na produción de mexillón. Esta actividade produtiva ten un importante encaixe noutros segmentos da economía do noso país, e é quen de xerar aproximadamente 20.000 postos de traballo. Así, as preto de 3.400 bateas fondeadas nas nosa rías, ordenadas en 47 polígonos, provocan, vinculado ao traballo extractivo, a existencia de máis de 1.250 embarcacións auxiliares (co impacto positivo que supón na industria de construción naval, reparacións e repostos), 32 empresas depuradoras, 11 cocedoiros, 29 empresas conserveiras coa utilización do mexillón como materia prima, así como un número indeterminado de empresas de subministraron diversa, aseguradoras, cordelarías, industria da madeira, transporte, comercialización e servizos en xeral, directamente implicadas na produción do mexillón.

Non obstante, e malia á aparente fortaleza económica xa descrita, o sector mexilloeiro galego enfróntase a unhas dificultades que poden ameazar a súa propia viabilidade de futuro.

Aínda que o mexillón producido en Galiza conta cunhas inmejorábeis condicións obxectivas, e cun prestixio internacionalmente recoñecido, debido precisamente á súa orixe galega (en si mesmo este é un valor recoñecido no mercado interior e foráneo), a cantidade e calidade da vianda que incorpora, as garantías sanitarias, o proceso de elaboración, a súa limpeza, o volume de produción, etc., está a padecer un grave problema vinculado ao intento de ocultación desa mesma procedencia.

De feito, hai xa tempo que se está a evidenciar a progresiva (e nos últimos tempos acelerada) substitución de mexillón galego destinado á industria conserveira por outro foráneo, fundamentalmente chileno, a través da importación. Trátase de prácticas comercialmente fraudulentas, fundamentadas nunha competencia desleal que induce á confusión deliberada ás persoas consumidoras a través de etiquetaxes engañosas, co obxecto de se aproveitaren do prestixio adquirido polo mexillón galego.

Neste contexto, o Parlamento europeo aprobou o 12 de setembro pasado o documento da Organización Común de Mercado (OCM) dos produtos da pesca e da acuicultura, chamado Informe Stevenson, a inserir na futura Política Común de Pesca da UE, que establecerá as regras para este sector produtivo no período 2014-2020. O Parlamento Europeo -coa oposición do BNG- aprobou unha emenda presentada pola deputada Carmen Fraga, do Partido Popular, que suprimía a exigencia -inicialmente contemplada no documento da Comisión de Pesca- de incluír a orixe do produto e a súa denominación comercial na etiquetaxe das conservas.

Pretende así a normativa impulsada polo PP, a legalización desa competencia desleal, e convértese nunha auténtica bomba de relojería para o sector mexilloeiro galego. Non é de recibo que unha representante "galega" no Parlamento Europeo deserte da súa responsabilidade co noso país e actúe ao servizo doutros intereses e doutros países.



## CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

**Trátase, daquela, dun duplo problema: Atinxe ao consumo, por fraude e engaño a quen pretende mercar mexillón galego cando non o é, mais tamén ao sector produtivo, que observa como paulatinamente se despraza a súa produción por outra de fóra.**

**Consumidoras e consumidores teñen dereito a coñecer a orixe dos produtos que adquiren. Sobre todo cando talamos de alimentación humana. Máis tamén o sector mexilloeiro galego posúe o dereito a vivir dignamente do seu traballo, producindo e comercializando un produto único, extraordinario, que é quen de xerar 20.000 postos de traballo que hoxe se encontran ameazados.**

**2- Por todo isto o BNG ven a pedir para que adoite as seguinte**

### **ACORDO**

**Instar á Xunta de Galiza a que se dirixa ao Goberno do Estado para que, no trámite de aprobación definitiva do documento Organización Común de Mercado (OCM) dos produtos da pesca e da acuicultura, defenda a inclusión obrigatoria nas etiquetaxes da procedencia dos produtos galegos do mar.**

**Trasladar este acordo ao Presidente da Xunta de Galiza, Presidente do Goberno do Estado e grupos parlamentares do Parlamento Galego”**

O señor Lomba Alonso di que deben loitar polos nosos sectores productivos, e o pesqueiro é un deles, pois se non os protexen e permiten que se incorporen especies que non son galegas, están indo en contra deses sectores, e miles de familias viven disto.

A señora Estévez Álvarez di que votará a favor, e pide que no punto 2 se engada que se remita ós grupos parlamentarios do Congreso dos Deputados.

O señor Lomba Alonso admite a enmenda.

O señor Fontenla Martínez di que se está tratando do etiquetado do produto transformado, non do primeiro produto e está habendo fraude porque se pon “produto galego” sen ter que poñelo, non é obrigatorio. O feito de que apareza o orixe pode ser bo, pero dende dentro, para moitos, a lei de etiquetaxe é para todos os produtos, e pode ser problemático. Di que o problema de ter que identificar a orixe de cada lote é que as empresas pequenas estarían condeadas a desaparecer, porque non cabe a identificación puntual do produto. Di que coa lei na mán, os galegos podemos indentificar os nosos produtos, houbo medidas e proxectos iniciados polo do bipartito na Xunta que identifcan e fan valer os nosos produtos . Di que el, como técnico, non podería aprobala, cre que sería máis problemático aprobala, poden buscar outras vías, pero non poden apoiala.

O señor Lomba Alonso di que el vai falar como político, e di que é bó escoitar dicir que o bipartito fixo algo bó. A moción é ben clariña, o produto que é galego debe identificarse como tal, e a deixará tal e como está, hai que poñer freo aos desmáns que se están dando cos produtos galegos.



## CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

O señor Fontenla Martínez di que hai mecanismos xa agora para identificar o fraude, está habendo controis. O mexillón representa un 7% no sector conserveiro, a proposta é para todos os produtos, e as empresas pequenas non poderían asumilo. Cando as leis son xerais, non se poden restrinxir a un sector.

Intervén o señor Español Otero e di que non entende nada diso, dende o Concello pouco se vai aportar, as mocións deste tipo teñen outro foro. Así, sen máis, pensan que se pode apoiar, aínda que o efecto que vai producir é nulo. Todos buscan o mellor para Galicia, e para os seus produtos.

O señor Fontenla Martínez di que con isto se complicaría moito ás empresas pequenas.

O señor Español Otero di que existe tamén o contrario. O fraude se produce tamén se non se dí de onde procede o produto, o cando se vende como galego algo que non é.

O señor Fontenla Martínez di que é posible pero non obrigatorio.

O señor Español Otero di que votarán a favor.

A moción quedaría redactada como segue:

### **“MOCIÓN PARA A ETIQUETAXE OBRIGATORIA DOS PRODUTOS GALEGOS DO MAR PARA CONSERVA OU TRANSFORMACIÓN**

#### **1-Exposición de motivos:**

**Galiza é a primeira potencia europea na produción de mexillón. Esta actividade produtiva ten un importante encaixe noutros segmentos da economía do noso país, e é quen de xerar aproximadamente 20.000 postos de traballo. Así, as preto de 3.400 bateas fondeadas nas nosa rías, ordenadas en 47 polígonos, provocan, vinculado ao traballo extractivo, a existencia de máis de 1.250 embarcacións auxiliares (co impacto positivo que supón na industria de construción naval, reparacións e repostos), 32 empresas depuradoras, 11 cocedoiros, 29 empresas conserveiras coa utilización do mexillón como materia prima, así como un número indeterminado de empresas de subministraron diversa, aseguradoras, cordelarías, industria da madeira, transporte, comercialización e servizos en xeral, directamente implicadas na produción do mexillón.**

**Non obstante, e malia á aparente fortaleza económica xa descrita, o sector mexilloeiro galego enfróntase a unhas dificultades que poden ameazar a súa propia viabilidade de futuro.**

**Aínda que o mexillón producido en Galiza conta cunhas inmejorábeis condicións obxectivas, e cun prestixio internacionalmente recoñecido, debido precisamente á súa orixe galega (en si mesmo este é un valor recoñecido no mercado interior e foráneo), a cantidade e calidade da vianda que incorpora, as garantías sanitarias, o proceso de elaboración, a súa limpeza, o volume de produción, etc., está a padecer un grave problema vinculado ao intento de ocultación desa mesma procedencia.**



## CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

De feito, hai xa tempo que se está a evidenciar a progresiva (e nos últimos tempos acelerada) substitución de mexillón galego destinado á industria conserveira por outro foráneo, fundamentalmente chileno, a través da importación. Trátase de prácticas comercialmente fraudulentas, fundamentadas nunha competencia desleal que induce á confusión deliberada ás persoas consumidoras a través de etiquetaxes engañosas, co obxecto de se aproveitaren do prestixio adquirido polo mexillón galego.

Neste contexto, o Parlamento europeo aprobou o 12 de setembro pasado o documento da Organización Común de Mercado (OCM) dos produtos da pesca e da acuicultura, chamado Informe Stevenson, a inserir na futura Política Común de Pesca da UE, que establecerá as regras para este sector produtivo no período 2014-2020. O Parlamento Europeo -coa oposición do BNG- aprobou unha emenda presentada pola deputada Carmen Fraga, do Partido Popular, que suprimía a exigencia -inicialmente contemplada no documento da Comisión de Pesca- de incluír a orixe do produto e a súa denominación comercial na etiquetaxe das conservas.

Pretende así a normativa impulsada polo PP, a legalización desa competencia desleal, e convértese nunha auténtica bomba de relojería para o sector mexilloeiro galego. Non é de recibo que unha representante "galega" no Parlamento Europeo deserte da súa responsabilidade co noso país e actúe ao servizo doutros intereses e doutros países.

Trátase, daquela, dun duplo problema: Atínxe ao consumo, por fraude e engaño a quen pretende mercar mexillón galego cando non o é, mais tamén ao sector produtivo, que observa como paulatinamente se despraza a súa produción por outra de fóra.

Consumidoras e consumidores teñen dereito a coñecer a orixe dos produtos que adquiren. Sobre todo cando talamos de alimentación humana. Máis tamén o sector mexilloeiro galego posúe o dereito a vivir dignamente do seu traballo, producindo e comercializando un produto único, extraordinario, que é quen de xerar 20.000 postos de traballo que hoxe se encontran ameazados.

**2- Por todo isto o BNG ven a pedir para que adoite as seguinte**

### ACORDO

Instar á Xunta de Galiza a que se dirixa ao Goberno do Estado para que, no trámite de aprobación definitiva do documento Organización Común de Mercado (OCM) dos produtos da pesca e da acuicultura, defenda a inclusión obrigatoria nas etiquetaxes da procedencia dos produtos galegos do mar.

Trasladar este acordo ao Presidente da Xunta de Galiza, Presidente do Goberno do Estado e grupos parlamentares do Parlamento Galego, así como ós grupos parlamentares do Congreso dos Deputados”

Sometida a votación a moción, foi aprobada co seguinte resultado:

**VOTOS A FAVOR:** Sres/as Domínguez Freitas, Magallanes Alvarez, Español Otero, Rodríguez González, Vicente Baz, Crespo González, Castro González, Lomba Alonso, García Díaz e Estévez Álvarez (dez votos a favor).



## CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

**VOTOS EN CONTRA:** Sres/as. Iglesias Ferreira, Rodríguez Amenedo, Fontenla Martínez, Vicente Santiago, Pazos Lomba e González Verde (seis votos en contra)

**R.E. nº 7.204 do BNG: Moción de apoio á folga xeral do 14 de novembro para impulsar a economía e o traballo en Galiza.**

O señor Lomba Alonso di que retiran a moción, debido a que xa ocorreu e cada partido se posicionou sobre o asunto.

(Sae a señora Vicente Baz, 21:30 horas).

**R.E. nº 7.262 de Convergencia Galega.**

A señora Estévez Álvarez da lectura da seguinte moción:

**“Diante a dramática situación que viven miles de familias, por causa da crise, coa incertidume de perde-la súa vivenda, trabado,... Por desgracia xa son varios centos de miles de familias que nestes últimos 5 anos perderon a súa única vivenda; pero como o problema da crise aínda vai para longo, hoxe os grandes partidos xa comencan a escoita-las voces de miles de cidadáns que claman solucións prácticas e realistas para os problemas das súas económicas domésticas, para o seu día a día.**

**Non ten sentido, que nun país onde +30% do parque de vivendas están valeiras, despois de perde-la súa por un embargo bancario fiquen na rúa sen ningunha opción; para incrementa-la desgracias destas familias, despois de perde-la vivenda, os pagos feitos, aínda fican con unha débeda pendente có Banco; có cual son sometidas a unha situación de ruina económica de por vida, o que conleva sen remedio a unha situación de marxinalidade social. Unha das fontes deste problema está nunha lei hipotecaría que está totalmente desfasada, que data de 1.909,... ¿Porqué os dirixentes políticos nestes 40 anos non fixeron unha nova?, máis axeitada á realidade social, máis xusta entre as partes, pois coa lei actual a entidade bancaria está nunha situación de privilexio fronte ó cliente que contrata unha hipoteca.**

**Dende o ano 2.008, os diferentes gobernos da Administración Central levan entregado +80.000 millóns de euros de fondos públicos, para salva-las entidades bancarias, só neste ano os fondos públicos aportados son de 50.000 millóns,... ¿Porqué hai recursos económicos públicos para salva-las entidades bancarias e non hai nin un céntimo para salvar da miseria e miles de cidadáns?.**

**Sabemos que a solución non está nas máns do Concello, pero este si que pode aportar unha postura ética e solidaria cós nosos vecinos; para iso proponemos unha serie de medidas a tomar por parte do Concello, para que os nosos vecinos non se sintan sos, nin desamparados, que dende o inicio poidan saber que o Concello vai estar con eles. As medidas que a seguir propomos xa están a ser exercidas por diferentes Concellos galegos.**

**Dende Convergencia Galega propomos a toma do seguinte acordo ó Pleno do Concello:**



## CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

**1º) Que o Concello retire os fondos municipais e cancele a conta bancaria que ten, daquelas entidades bancarias que executen un embargo da primeira vivenda, daquelas familias guardesas que están en situación de precariedade económica.**

**2º) Que o Concello preste unha asistencia gratuita a estas familias de carácter técnico e xurídico para que poidan facer valer os seus dereitos ante a entidade bancaria. Así como advertir ós Servizos Sociais do Concello que elaboren un listado das posibles familias que poidan estar dentro ou moi perto desta problemática.”**

O señor Alcalde pide á señora Estévez Álvarez que retire a moción, pois xa se lles trasladou na Comisión de Asuntos Plenarios. Hai asuntos que invaden e exceden competencias do persoal municipal, dado que para as labores de asesoramento en tales materias se precisa unha cualificación e uns coñecementos cos que non conta o persoal municipal. En relación co punto primeiro, se trata dunha decisión política e debería valorarse.

Se non se retira, proporá que quede sobre a mesa para solicitar os informes correspondentes.

(Regresa a señora Vicente Baz, 21:32 horas).

A señora Estévez Álvarez di que esta moción se presenta como noutros Concellos, e no punto 2, se podería habilitar un departamento ou que veña alguén da Deputación para axudar aos veciños

A señora Estévez Álvarez di que poden deixalo sobre a mesa e arreglalo chegando a un acordo todos os grupos, contestado o señor Alcalde que se non a retira proporá deixala sobre a mesa, e os servizos técnicos do Concello o valorarán.

O señor Español Otero di que non son os políticos, senón os servizos xurídicos, que poden informar con contundencia que non se pode tratar. Non houbo nin tempo de valorar a moción, e non saben se a poden votar, e se non se retira, quedará sobre a mesa e se pedirá informe xurídico.

A señora Estévez Álvarez di que non a retira.

O señor Lomba Alonso pregunta qué se vai facer, e a Secretaria explica que para deixar un asunto sobre a mesa deben votalo e debe acadar maioría simple.

O señor Fontenla Martínez pregunta polo fondo da moción, contestando a Secretaria que xa o explicou na Comisión de Asuntos Plenarios. A retirada dos cartos das entidades bancaria é unha decisión política, pero non é competencia municipal asesorar a particulares en asuntos da súa esfera privada ou patrimonial, ademais da protección de datos que deben observar os Servizos Sociais e o Concello.

Sometida a votación que a moción quede sobre a mesa foi aprobado por UNANIMIDADE dos membros presentes: **VOTOS A FAVOR:** Sres/as Domínguez Freitas, Magallanes Alvarez, Español Otero, Rodríguez González, Vicente Baz, Crespo González,



## CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

Castro González, Iglesias Ferreira, Rodríguez Amenedo, Fontenla Martínez, Vicente Santiago, Pazos Lomba, González Verde, Lomba Alonso, García Díaz e Estévez Álvarez (dezaseis votos a favor).

**A moción queda sobre a mesa.**

### **R.E. nº 7.263 de Convergencia Galega.**

A señora Estévez Álvarez pregunta, antes de dar lectura da moción, ónde se fai a recollida de aceite doméstico, contestando o señor Rodríguez González que se recolle en catro puntos e no punto limpo, e no que levan de ano se recolleron 2000 litros.

Intervén o señor Alcalde e di que hai conversas con outras empresas e se vai seguir mellorando.

A señora Estévez Álvarez di que hai moita xente que non sabe onde se recolle, e retira a moción.

O señor Español Otero di que esa pregunta deberan tela feito antes de presentar a moción, antes de presentala debe informarse, pois isto non é serio.

O señor Rodríguez González di que se fixo divulgación polos colexios e institutos e se repartiu dende o Concello un embudo especial. Di que se está levando a cabo e se tratará de mellorar, pero insiste en que xa se está facendo, e son un dos Concellos que máis reciclan.

A señora Estévez Álvarez di que retira a moción.

### **R.E. nº 7.264 de Convergencia Galega.**

O señor Alcalde di que a moción precisa de informe, polo que propón deixala sobre a mesa.

Sometida a votación que a moción quede sobre a mesa foi aprobado por UNANIMIDADE dos membros presentes: **VOTOS A FAVOR:** Sres/as Domínguez Freitas, Magallanes Alvarez, Español Otero, Rodríguez González, Vicente Baz, Crespo González, Castro González, Iglesias Ferreira, Rodríguez Amenedo, Fontenla Martínez, Vicente Santiago, Pazos Lomba, González Verde, Lomba Alonso, García Díaz e Estévez Álvarez (dezaseis votos a favor).

**A moción queda sobre a mesa.**

(Sae o señor Rodríguez González, 21:45 horas).

### **R.E. nº 7.267 de Convergencia Galega.**

A señora Estévez Álvarez da lectura da seguinte moción:

**“Despois de recibir unha copia da documentación presentada no Concello en data do**





## CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

15.11.2012 e con Rexistro de Entrada nº 7240, no que se reflexan unha serie de deficiencias das instalacións do Pavillón Municipal de "A Sangriña" por parte da Directiva do Clube Balonmán ATLETICO GUARDES, situación que xa noutras ocasións habían sido sinaladas por clubs, asociacións, entidades, etc., calque arranxo que se acometa nestes intres, non deixa de ser un apaño momentáneo que non vai resolver a problemática existente, cicais, pare o problema nunha esquina e agrávese o deterioro pola outra.

Consideramos que é o momento de dar inicio a unha serie de xestións diante das distintas administracións para acadar a meta de conseguir un novo PAVILLON MUNICIPAL.

Por todo o exposto, dende CONVERXENCIA GALEGA, vimos a proponden o Pleno Municipal a seguinte MOCIÓN:

1º).- O Concello de A Guarda, procederá de maneira inmediata a levar a cabo os estudos pertinentes sobre as distintas parcelas municipais existentes nas proximidades a zona donde se bica a Piscina Municipal para a posibilidade de construír unha área deportiva na que teña cabida un novo PAVILLON MUNICIPAL

2º).- O Concello de A Guarda, levará a cabo a apertura de un concurso para o deseño e proxecto do novo PAVILLON MUNICIPAL, para o cal incluírá a correspondente partida económica nos Presupostos Municipais do /2.013

3º).- O Concello de A Guarda, dará inicio as xestións oportunas diante das distintas administracións a fin de conseguir cerrar convenios de colaboración para o financiamento de ditas obras.

**A Guarda, a 16 de novembro do 2.012”**

O señor Lomba Alonso pregunta á Secretaria se a moción ten algún problema xurídico, contestando a Secretaria que a moción, en sentido literal, propón acordar a apertura dun concurso, acordo que require unha tramitación previa, e no caso de facerse, determinar o órgano competente, a partida orzamentaria, os pregos, etc, polo que entende que de adoptarse o acordo manifestaría unha intención.

O señor Lomba Alonso diríxese á señora Estévez Álvarez e lle pregunta se isto arranxa algo o escrito que presentou o Atlético Guardés.

A señora Estévez Álvarez di que o pavillón sempre tivo deficiencias, ela mesma xogou e sabe do que fala.

Pregunta novamente o señor Lomba Alonso se isto lle da unha solución inmediata ó problema, pois aquí se fala dunha serie de deficiencias, e se con esa moción se soluciona algo inminente e grave. Di que isto non lle soluciona nada a ninguén. Como nota de prensa está ben, pero estamos en crise económica, pensa que a moción non terá moito percorrido, e pide ó equipo de goberno que faga un informe serio das eivas do pavillón e de xeito urxente se tomen as primeiras medidas, e que se teña en conta tamén o CEIP Sangriña. Pide que se retire a



## CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

moción, e que o equipo de goberno se poña a traballar de xeito urxente e contacte coas Consellerías. Pode ser un perigo e hai responsabilidade dos distintos gobernos que non fixeron nada. Pregunta que se fixo neste asunto, e solicita que se tomen o tema con dilixencia porque da pavor.

(Regresa o señor Rodríguez González, 21:47 horas).

O señor Alcalde pregunta á señora Estévez Álvarez se retira a moción, contestando a voceira de Convergencia Galega que non.

Intervén o señor Fontenla Martínez e di que a moción está ben como declaración de intencións, pero non arranxa o problema existente. Pide a adopción de medidas para solventar as deficiencias e garantir a seguridade. Non apoiarán a moción.

O señor Español Otero agradece as intervencións do BNG e do PP, pola súa sensatez, posto que sería fácil facer populismo e apoiala. Non sabe se algún ten tanta fe que cre nos milagros. En materia de seguridade xa se empezou a traballar, se xirou visita polos técnicos municipais e hai un informe feito. O pavillón non ten problemas estruturais inminentes. Se trouxo a unha persoa que sabe de estruturas. Hai que acometer actuacións, e xa hai un proxecto para sanear as bases dos pilares. Contan cun informe técnico e non supón ameaza algunha. A partir do luns empezarán as obras para sanear os pilares, polo que pide tranquilidade. Doutras deficiencias xa ten coñecemento a Consellería de Deportes, que deu o visto bo para contribuir a acometer algunhas actuacións. Facilitarán copia do informe, existen discursos alarmistas, pero van a unha solución real. Non poden aprobar a moción.

O señor Lomba Alonso pide que se teña en conta o Colexio, contestando o señor Español Otero que o luns se lle trasladará ó Colexio, son cometidos do concelleiro de obras. Se fará un valado perimetral, son obras localizadas sen risco algún.

O señor Alcalde di que primeiro se farán os traballos de limpeza, non sabe nin sequera se poderían poñer a disposición os terreos, pola cualificación do PXOU e o uso sinalado no mesmo.

A señora Estévez Álvarez di que xa que se está a mirar o PXOU era bo e convinte buscalo.

Sometida a votación a moción, acadou o seguinte resultado:

**VOTOS A FAVOR:** Sra. Estévez Álvarez (un voto a favor).

**VOTOS EN CONTRA:** Sres/as. Domínguez Freitas, Magallanes Alvarez, Español Otero, Rodríguez González, Vicente Baz, Crespo González, Castro González, Iglesias Ferreira, Rodríguez Amenedo, Fontenla Martínez, Vicente Santiago, Pazos Lomba, González Verde Lomba Alonso e García Díaz (quinze votos en contra).

**A moción non prospera.**

(Sae o señor González Verde, 22:05 horas).



## CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

**R.E. nº 7.296 do GMS: Moción con motivo do día internacional contra a violencia de xénero.**

A señora Castro González da lectura da seguinte moción:

**“MOCIÓN QUE PRESENTA O GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA DO CONCELLO DE A GUARDA CON MOTIVO DO DÍA INTERNACIONAL CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO.**

O Grupo Municipal Socialista, en base ao disposto nos artigos 91.4 e 97.3 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das entidades locais e demais normativa que poida resultar de aplicación, presenta, diante do Pleno da Corporación esta MOCIÓN, en base a seguinte

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Todos os anos, o día 25 de novembro, Día Internacional contra a Violencia de Xénero, elaboramos un manifesto, recordamos as vítimas, damos datos, constatamos que aínda queda moito por facer. As mulleres seguen morrendo ano tras ano por este terrorismo machista, seguen sufrindo na súa vida e na dos seus fillos e filias agresións físicas e psicolóxicas, seguen vivindo, demasiadas veces en silencio, un inferno do que é moi difícil escapar. E berramos que o machismo mata. Non obstante este ano, 2012, o berro debe ser maior, porque a violencia de xénero está a caer no esquecemento. Agora, o Goberno non condena os asasinatos, non sensibiliza, está a deixar de prestar apoio ás vítimas

Hai un ano que o Partido Popular gañou as eleccións e España xa retrocedeu 14 postos no índice do Foro Económico Mundial. Catorce postos que se traducen nun record de pasos atrás. Cada día as mulleres españolas teñen máis dificultades para ter un emprego, para facer compatible a súa vida laboral e familiar, para acceder á educación, a sanidade, ou a atención social, para exercer os seus dereitos sexuais e reprodutivos, para incorporarse a espazos de participación e toma de decisións.

O máis sangrante de todos estes pasos atrás é o que afecta ao dereito das mulleres a vivir sen Violencia de Xénero. No primeiro comunicado oficial da Ministra responsable, Ana Mato, tratouse como "violencia no ámbito familiar" o asasinato machista dunha muller ás mans da súa parella. Acababa de empezar a marcha atrás. Fai apenas uns días, unha nai e un pai esnaquizados enterraron unha nena de 13 anos, cuxa proxenitora denunciara o perigo que o axexaba e non obtivo a protección suficiente, un fallo claro do sistema.

Mentres se daban estes e outros moitos gravísimos feitos, asistimos a unha serie de recortes. Os primeiros empezaron en Galicia co Goberno de Núñez Feijóo con: drásticos recortes nos orzamentos da Xunta de Galicia destinados a políticas de Igualdade de 79,5 % nas accións para a igualdade, protección e promoción da muller, importantes retrocesos legislativos, supresión de estruturas como o SGI ou debilitamento dos Centros de Información á Muller (CIM,S), clara perversión na execución do orzamento destinando unha boa parte a apoio de redes ultraconservadoras que traballan na contra



## CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

dos dereitos das mulleres, etc. En definitiva, unha clara política regresiva que pon en perigo os avances acadados nos últimos anos na loita contra a violencia de xénero.

A todos estes recortes e retrocesos que se deron en Galicia, súmanse neste último ano outros realizados polo Goberno presidido por Rajoy Brey que mesmo ten calificado de propaganda as campañas de sensibilización social. A prevención e a sensibilización son fundamentais para conseguir a complicitade da sociedade e do ámbito, como son imprescindibles para que as mulleres poidan reunir forzas abondo e afrontar a denuncia da violencia que sofren. A prevención é o inicio do camino para saír da violencia, e, a partir de aquí, as Administracións Públicas deben poner en marcha todos os recursos necesarios para protexer e apoiar a súa decisión.

Dende o ano 2011 o Presuposto do Goberno do Estado para a prevención integral da violencia de xénero viuse reducido nun 27%, máis de 8 millóns de euros. Nos presupostos para o 2013, mesmo o Goberno recortou nun millón de euros os Programas de asistencia social para mulleres vítimas e menores expostos á violencia. O Observatorio de Violencia de Xénero do Consello Xeral do Poder Xudicial xa fixo unha seria advertencia: os recortes son responsables de que moitas mulleres retiren a denuncia, posto encóntranse nunha situación de desprotección tras preséntala. Polo tanto, podemos afirmar que estes recortes en políticas de igualdade están a poner en situación de risco as mulleres e, con elas, as súas filias e os seus fillos.

O PSdeG-PSOE denuncia os significativos recortes en prevención, sensibilización e protección das mulleres, e das súas filias e fillos, fronte á violencia de xénero, e invita ás organizacións e aos outros partidos políticos a defender, de forma conxunta, que non se reduzan os presupostos e recursos necesarios para poder seguir realizando campañas de prevención, sensibilización e apoio ás mulleres; ademais, eremos imprescindible que se desenvolva un plan específico de actuacións para protexer aos e as menores fronte á violencia de xénero que sofren xunto ás súas nais.

Por todo ilo, o Grupo Socialista do Concello de A Guarda presenta para a súa aprobación polo Pleno Municipal os seguintes ACORDOS,

1. Este Concello comprométese a non reducir presupostos, servizos nin recursos para combater a violencia de xénero.
2. Instar á Xunta de Galicia a:

a. Axilizar os trámites necesarios para a inmediata posta en funcionamento do Centro de Recuperación Integral para mulleres vítimas da violencia de xénero, una obrigaón incluída na Lei 11/2007, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero.

b. Impulsar os órganos consultivos e de participación da Lei 11/2007, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, de xeito que cada órgano estea regulado de forma independente para garantir a súa comprensión e facilitar o control das súas actividades. Incorporando á composición dos tres órganos a representación de asociacións profesionais de igualdade e persoal técnico especializado en igualdade, así como profesionais que estean traballando no ámbito do tratamento da violencia de xénero, que son quen está a desenvolver no día a día o



## CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

**traballo técnico relacionado co igualdade de mulleres e homes.**

**c. Definir a estratexia da Xunta de Galicia no ámbito da sensibilización e da prevención en contra da Violencia de Xénero.**

**d. Promover acordos para a formación de profesionais dos Medios de Comunicación para a mellora do tratamento informativo das situacións de violencia contra as mulleres.**

**e. Incidir en mecanismos de apoio de prevención e apoio ás vítimas para que as mulleres non se vexan forzadas a retirar a denuncia.**

**f. Mellorar a coordinación entre os órganos xudiciais e os organismos que deben procurar as medidas de asistencia e protección social reforzando o Punto de Coordinación das Ordes de Protección.**

**g. Reforzar os servizos de atención a menores vítimas directas e indirectas da violencia de xénero na súa atención e a recuperación das súas secuelas, ao obxecto de romper o círculo da transmisión interxeneracional da violencia.**

**h. Que as axudas económicas recollidas na lei galega sexan abonadas ás mulleres vítimas de violencia de xénero, que acrediten formalmente as condicións establecidas, nun prazo non superior a 15 días.**

**i. Crear un programa específico para mulleres discapacitadas que sofren violencia de xénero, debido a súa situación de especial vulnerabilidade.**

**j. Promover a responsabilidade social corporativa das empresas a fin de lograr unha alianza empresarial contra a violencia de xénero.**

**3. Así mesmo, instamos á Xunta de Galicia a esixir do Goberno do Estado que non reduza os presupostos, os programas, actuacións nin servizos dirixidos a combater a violencia de xénero e atender ás mulleres.”**

(Regresa o señor González Verde, 22:07 horas).

A señora Castro González di que, no Concello da Guarda, o punto primeiro xa se está levando a cabo.

A señora Estévez Álvarez di que está de acordo.

A señora García Díaz di que votará a favor, a súa moción é máis ambiciosa, fala de mellorar e non só de manter. Fai referencia a un acordo plenario en relación cun fondo de emerxencia social para incluír no orzamento, e estarán vixiantes para que se cumpra.

A señora Iglesias Ferreira di que non están de acordo coa parte máis estensa da moción, pero o fin é o que importa e non a guerra de cifras, deben buscar o consenso e votarán



## CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

a favor. En relación co último apunte da concelleira delegada, se o punto 1 xa se está facendo poderían retiralo.

Sometida a votación a proposta, foi aprobada por **UNANIMIDADE** dos membros presentes: **VOTOS A FAVOR:** Sres/as Domínguez Freitas, Magallanes Alvarez, Español Otero, Rodríguez González, Vicente Baz, Crespo González, Castro González, Iglesias Ferreira, Rodríguez Amenedo, Fontenla Martínez, Vicente Santiago, Pazos Lomba, González Verde, Lomba Alonso, García Díaz e Estévez Álvarez (dezaseis votos a favor).

(Sae a señora Magallanes Álvarez, 22:10 horas).

**R.E. nº 7.311 do BNG: Moción sobre a modificación da Lei Hipotecaria e medidas de desafiuzamento.**

O señor Lomba Alonso da lectura da seguinte moción:

### **“MOCIÓN SOBRE A MODIFICACIÓN DA LEI HIPOTECARIA E MEDIDAS DE DESAFIUZAMENTO**

#### **1-Exposición de motivos:**

A crise económica, onde a burbulla inmobiliaria tivo un papel fundamental, está a provocar un aumento desmesurado de desafiuzamentos que nos pon diante dun drama social de dimensións preocupantes. Medra o número de familias que quedan sen fogar, os bancos quédanse coas vivendas, pero a débeda segue pendente. A voracidade dos bancos non se satisface cos casos dramáticos de familias e personas que logo de pagar altas amortizacións e intereses polos préstamos son botadas fóra do seu fogar. Con casos tan vergoñentos como de familias desafiuzadas cando a penas lles quedaban por pagar 6.000 ou 10.000 euros.

Os galegos e galegas sufrimos tamén este drama. Entre xaneiro e xuño deste ano a xustiza do Estado español ten autorizado en Galiza o desafiuzamento de máis de 3.000 vivendas ou negocios por non poderlle pagar ao banco, e téñense iniciado máis de 48.000 procesos de execución que pretenden o mesmo destino, en todo o Estado. En total, desde o principio da crise en 2007, son máis de 9.000 expedientes que afectan a familias galegas que conteñen auténticas traxedias humanas e incluso suicidios, no caso do Estado.

As reunións agora entre PP e PSOE non poden ocultar que, en reiteradas ocasións desde marzo de 2011, os dous partidos opuxéronse ás alternativas subscritas polo BNG no Congreso dos Deputados. De nada valen lamentos e panos quentes a un problema que exige medidas contundentes, modificacións na lexislación hipotecaria e solucións claras e firmes.

A banca, que ten recibido miles de millóns de diñeiro público para sanear as consecuencias das súas aventuras inmobiliarias, non quere adoptar medidas voluntarias para resolver este problema. Nestes momentos de crise non concede créditos á cidadanía nin ao empresariado autónomo, pequeno ou mediano, pero en cambio son



## CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

**intransixente ñas sumarias execucións hipotecarias que deixan na rúa familias enteiras sen contemplacións.**

**O BNG, ao igual que outros sectores sociais, e mesmo a xudicatura, demandan medidas legislativas e sociais para impedir este desaforo. Medidas para atender os casos máis dramáticos, para evitar o desamparo das persoas e familias en situación económica extrema. Por todo isto, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte**

**2- Por todo isto o BNG ven a pedir para que se adoite o seguinte**

### ACORDO

**1. Instar á Xunta de Galiza a que demande do Goberno do Estado que proceda á modificación da Lei Hipotecaria, que teña carácter retroactivo, para dar solución ao grave drama social dos desafuzamentos por impago das hipotecas, adoptando medidas como as seguintes:**

- **Contemplan a dación en pago ou extinción do crédito coa entrega da vivenda, garantizando o aluguer social da mesma vivenda sobre todo cando existan menores ou persoas dependentes.**
- **Estabelecer un réxime especial no caso da execución de préstamos cando se refire á vivenda habitual ou aos negocios comerciais.**
- **Contemplan moratorias para deixar o pagamento das cotas hipotecarias temporalmente en suspenso cando se produzan circunstancias económicas difíciles como a perda de emprego ou o peche dun negocio.**
- **Estabelecer a posibilidade de poder converter a hipoteca nun aluguer.**
- **Estudar un procedemento concursal específico para permitir a paralización de certas execucións.**
- **Modificar o réxime de taxación e aumentar a porcentaxe de adxudicación ao acredor, actualmente no 60% do valor de taxación.**

**2. Instar á Xunta de Galiza a que demande do Goberno de Estado a seguinte medida de carácter social:**

- **Habilitar un Fondo Económico Especial para atender os casos máis dramáticos e evitar o desamparo das persoas e as familias que se atopan en situacións económicas extremas.**

**3. Instar á Xunta de Galiza á**

- **Creación dunha Oficina de Asesoramento para Familias ameazadas polos desafuzamentos.**



## CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

**- Creación dunha Bolsa de Vivenda Social, exixindo das entidades bancarias e de aforro que as vivendas baleiras da súa propiedade pasen a formar parte da mesma para o aluguer social ou venda a prezo taxado.**

**4. Remitir este acordo ao Presidente da Xunta de Galiza, Presidente do Goberno do Estado e grupos parlamentares do Congreso e Parlamento de Galiza.**

**5. Instar á Alcaldía a adopción das seguintes medidas:**

**- Creación dunha Comisión Especial para atender casos de desafiuzamentos, composta por responsábeis dos Servizos Sociais municipais, portavoces municipais e plataformas contra os desafiuzamentos. Estudando a posibilidade de axudas ao aluguer, axudas para evitar o corte de subministros básicos como auga, gas ou luz e axudas á alimentación.**

**- Interesar das entidades bancarias e de aforro información sobre posíbeis desafiuzamentos que afecten a familias do concello, a paralización dos que estean en marcha e a súa colaboración coa Comisión Municipal creada para Casos de Desafiuzamento.**

**- No suposto de falta de colaboración de entidades bancarias co Concello proceder, na medida que sexa posíbel e non prexudique aos vecinos e vecinas, a prescindir dos servizos que as mesmas poidan prestar ao Concello.”**

(Regresa a señora Magallanes Álvarez, 22:11 horas).

O señor Alcalde fai referencia ás salvidades da moción anterior, posto que no punto cinco se precisaría a valoración dos técnicos.

O señor Lomba Alonso di que a moción é válida, ben pouco ten que ver coa de Convergencia Galega.

O señor Alcalde di que se a mantén, votarán en consecuencia.

A señora Estévez Álvarez di que a súa moción está sobre a mesa, xa deixou clara a súa postura sobre a Lei Hipotecaria, e pregunta se non debe pronunciarse a Secretaria sobre o punto 5 da moción.

O señor Alcalde di que pedirían informe sobre os tres apartados do punto 5.

A señora Iglesias Ferreira e di que o asunto ten implicacións xurídicas, económicas, sociais e legislativas, e entenden que se debe dar unha resposta legislativa a este problema, pero en certas cuestións, a nivel municipal, non se atopa capacitada para votala, non só no punto 5, senón na referencia do punto 1 ó ” *carácter retroactivo*”. Pregunta se o Concello pode solicitar do banco esa información, e se poden informar sobre posibles debedores, pois parece que se trate dun chantaxe para que se vulnere o segredo profesional para non prescindir dos seus servizos. Piden que quede sobre a mesa pois lles custa votala.





## CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

O señor Español Otero di que saben que non a van a votar, xa se llo trasladaron ó BNG.

Sometida a votación a moción, acadou o seguinte resultado:

**VOTOS A FAVOR:** Sres/as. Lomba Alonso e García Díaz (dous voto a favor).

**VOTOS EN CONTRA:** Sres/as. Domínguez Freitas, Magallanes Alvarez, Español Otero, Rodríguez González, Vicente Baz, Crespo González, Castro González, Iglesias Ferreira, Rodríguez Amenedo, Fontenla Martínez, Vicente Santiago, Pazos Lomba e González Verde (trece votos en contra).

**ABSTENCIÓNS:** Sra. Estévez Álvarez (unha abstención).

**A moción non prospera.**

(Sae o señor Crespo González, 22:25 horas).

**R.E nº 7.407 de Convergencia Galega: Moción sobre o proxecto de lei sobre as novas taxas xudiciais.**

A señora Estévez Álvarez da lectura da seguinte moción:

**“SOBRE O PROXECTO DE LEÍ SOBRE AS NOVAS TAXAS XUDICIAIS**

### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

**Os cidadáns están a ver como día a día o goberno da nación ven facendo recortes principalmente sociais e de dereitos don nosos vecinos.**

**Unha proba mais e a posta en marcha da tramitación parlamentaria do proxecto de lei polo que se regulan determinadas taxas na administración de xustiza, si este proxecto é aprobado se cencenara a posibilidade de tutela xudicial en prexuízo dos mais débiles**

**Non abundaremos en consideracións xurídicas elementáís, relativas tanto no dereito da tutela xudicial efectiva, artigo 24.1 da constitución Española, que seria frontalmente contrariado, como o articulo 119 da nosa Norma Fundamental, onde o seu espirito non pode ser mas oposto e impedir o aceso a xustiza a quen non dispoña de amplos recursos económicos, para litigar, que e o que resulta o proxecto lexislativo**

**Preténdese que se abonen ao Estado unas taxas xudiciais altísimas como requisitos para acceder aos tribunais en todas as xurisdiccións, excepto na Penal. As taxas se impondrán a calquera persoa, sexa física o xurídica, si e física, solo se exime a aqueles que teñan ingresos inferiores a 12.3780 anuais, computando no so os do propio interesado si non os da unidade familiar (dobre do IPREM, limite para o dereito a xustiza gratuita).**

**A Crises económica e un puro pretexto porque ningunha consideración económica e**



## CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

**acceptable como fundamento de unhas das taxas tan rotundamente restrictivas de acceso a xustiza.**

**Se proxecta que se paguen como taxas unas sumas de diñeiro que poden alcanzar moi facilmente os varios millares de euros por interpor una demanda civil (efecto do sistema de calculo escollido no procedemento ordinario: sumar a un fixo de taxa de 300 euros o porcentaxe do 0.5% da cuantía procesal, que por exemplo tratándose dun inmovible, e o prezo de mercado de dito inmovible e tratándose dunha reclamación de cantidade, a cantidade reclamada.**

**Se un traballador ou un pensionista que ve desestimada a súa demanda no xulgado do social ten que pagar 500 euros por recorrer, para impugnar una multa de trafico, onde a taxa será superior a propia multa.**

**Impunidade para o mais poderoso de calquera clase (tamén do estado) e a lei do mais forte. Non sería xa una xustiza de dúas velocidades, senón xustiza exclusiva para aqueles que poidan pagar estas taxas e ningunha para os que non podan. E tamén se vería afectado directamente outro dereito constitucional, porque a protección do consumidor esta na constitución e ñas normas Europeas e ninguen vai defender o abuso das grandes empresas se sigue adiante este proxecto de lei que ademáis de taxas altísimas para preitos cotiáns, impon tamén taxas en asuntos pequenos, como os de consumo, que directamente disuaden de reclamar, por ser maior a taxa que o importe reclamado.**

**E un clamor social a retirada de esta novo proxecto de lei cando os colexios de Procuradores e Avogados de toda España piden a retirada do mesmo.**

**Con esta aprobación quedaría anulado un dereito constitucional de que calquera cidadán de este País ten dereito a una xustiza libre e gratuita.**

**Por todo o exposto, presentamos ao Pleno da Corporación Municipal para o seu debate e aprobación se procede se tomen os seguintes Acordos:**

**1º.- SOLICITAR que sexa retirado o PROXECTO DE LEI SOBRE AS NOVAS TAXAS XUDICIAIS DO MINISTERIO DE XUSTICIA que está en tramitación.**

**2º.- Que dito Acordo Plenario sexa remitido ao Ministerio de Xustiza e ao Presidente do Goberno e Grupos Parlamentarios.”**

O señor Lomba Alonso di que apoiarán a moción, e pide que se inclúa instar á Xunta a que demande do Goberno do Estado a que retire o proxecto, cantas máis Administracións Públicas se impliquen será mellor, e pide que se envíe ó Presidente da Xunta e grupos parlamentarios da Xunta.

(Regresa o señor Crespo González, 22:27 horas).

A señora Estévez Álvarez acepta o engadido.



## CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

A señora Iglesias Ferreira di que non apoiarán a moción.

O señor Alcalde di que votarán a favor.

A moción quedaría redactada como segue:

### **“SOBRE O PROXECTO DE LEÍ SOBRE AS NOVAS TAXAS XUDICIAIS**

#### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

**Os cidadáns están a ver como día a día o goberno da nación ven facendo recortes principalmente sociais e de dereitos dos nosos veciños.**

**Unha proba máis e a posta en marcha da tramitación parlamentaria do proxecto de lei polo que se regulan determinadas taxas na administración de xustiza, si este proxecto é aprobado se cencenara a posibilidade de tutela xudicial en prexuízo dos máis débiles**

**Non abundaremos en consideracións xurídicas elementais, relativas tanto no dereito da tutela xudicial efectiva, artigo 24.1 da constitución Española, que sería frontalmente contrariado, como o artigo 119 da nosa Norma Fundamental, onde o seu espírito non pode ser máis oposto e impedir o acceso a xustiza a quen non dispoña de amplos recursos económicos, para litigar, que é o que resulta do proxecto legislativo**

**Preténdese que se abonen ao Estado unhas taxas xudiciais altísimas como requisitos para acceder aos tribunais en todas as xurisdicións, excepto na Penal. As taxas se impondrán a calquera persoa, sexa física ou xurídica, si é física, solo se exige a aqueles que teñan ingresos inferiores a 12.3780 anuais, computando no so os do propio interesado si non os da unidade familiar (dobre do IPREM, límite para o dereito a xustiza gratuíta).**

**A Crise económica é un puro pretexto porque ningunha consideración económica é aceptable como fundamento de unhas das taxas tan rotundamente restrictivas de acceso a xustiza.**

**Se proxecta que se paguen como taxas unhas sumas de diñeiro que poden alcanzar moi facilmente os varios millares de euros por interpor unha demanda civil (efecto do sistema de cálculo escollido no procedemento ordinario: sumar a un fixo de taxa de 300 euros o porcentaxe do 0.5% da cuantía procesal, que por exemplo tratándose dun inmovible, e o prezo de mercado de dito inmovible e tratándose dunha reclamación de cantidade, a cantidade reclamada.**

**Se un traballador ou un pensionista que ve desestimada a súa demanda no xulgado do social ten que pagar 500 euros por recorrer, para impugnar unha multa de tráfico, onde a taxa será superior a propia multa.**

**Impunidade para o máis poderoso de calquera clase (tamén do estado) e a lei do máis forte. Non sería xa unha xustiza de dúas velocidades, senón xustiza exclusiva para aqueles que poidan pagar estas taxas e ningunha para os que non podan. E tamén se**



## CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

vería afectado directamente outro dereito constitucional, porque a protección do consumidor esta na constitución e ñas normas Europeas e ninguen vai defender o abuso das grandes empresas se sigue adiante este proxecto de lei que ademáis de taxas altísimas para preitos cotiáns, impon tamén taxas en asuntos pequenos, como os de consumo, que directamente disuaden de reclamar, por ser maior a taxa que o importe reclamado.

E un clamor social a retirada de esta novo proxecto de lei cando os colexios de Procuradores e Avogados de toda España piden a retirada do mesmo.

Con esta aprobación quedaría anulado un dereito constitucional de que calquera cidadán de este País ten dereito a una xustiza libre e gratuita.

Por todo o exposto, presentamos ao Pleno da Corporación Municipal para o seu debate e aprobación se procede se tomen os seguintes Acordos:

1º.- SOLICITAR que sexa retirado o PROXECTO DE LEI SOBRE AS NOVAS TAXAS XUDICIAIS DO MINISTERIO DE XUSTICIA que está en tramitación.

2º.- Instar á Xunta de Galicia para que demande do Goberno do Estado a retirada do proxecto.

2º.- Que dito Acordó Plenario sexa remitido ao Ministerio de Xustiza e ao Presidente do Goberno e Grupos Parlamentarios, así como ó Presidente da Xunta de Galicia e grupos parlamentarios da Xunta de Galicia.”

Sometida a votación a proposta, foi aprobada co seguinte resultado:

**VOTOS A FAVOR:** Sres/as Domínguez Freitas, Magallanes Alvarez, Español Otero, Rodríguez González, Vicente Baz, Crespo González, Castro González, Lomba Alonso, García Díaz e Estévez Álvarez (dez votos a favor).

**VOTOS EN CONTRA:** Sres/as Iglesias Ferreira, Rodríguez Amenedo, Fontenla Martínez, Vicente Santiago, Pazos Lomba e González Verde (seis votos en contra)

### **R.E. nº 7.423 de Convergencia Galega.**

O señor Español Otero pide que retire a moción, o argumentario está mal, pois as obras son da Deputación, e no apartado resolutivo hai dúbidas de que se poida facer así. A moción non ten nin pes nin cabeza.

A señora Estévez Álvarez di que quede sobre a mesa e se pida informe.

Sometida a votación que a moción quede sobre a mesa foi aprobado por UNANIMIDADE dos membros presentes: **VOTOS A FAVOR:** Sres/as Domínguez Freitas, Magallanes Alvarez, Español Otero, Rodríguez González, Vicente Baz, Crespo González, Castro González, Iglesias Ferreira, Rodríguez Amenedo, Fontenla Martínez, Vicente Santiago,



## CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

Pazos Lomba, González Verde, Lomba Alonso, García Díaz e Estévez Álvarez (dezaseis votos a favor).

**A moción queda sobre a mesa.**

### **R.E. nº 7.424 de Convergencia Galega.**

A señora Estévez Álvarez pregunta se hai algo que obxectar a esta moción, contestando o señor Español Otero que é a que máis sentido ten das que presentou, comparten o fondo, pero o procedemento a seguir e o protocolo de actuación debe sinalarse nun informe técnico.

A señora Estévez Álvarez da lectura da moción:

**“Nestes días están saíndo reflexadas ñas páxinas dos medios de comunicación da nosa comarca, as consecuencias da deixadez e falta de control sobre as distintas instalacións que se levan a cabo na vía pública cas instalacións de alumeados para as festas (no caso concreto en Nadal)**

**Dende sempre, tanto o Concello como as comisións de festas, deixan facer, sen preocuparse de ningún tipo de control sobre a seguridade de ditas instalacións, e logo cando suceden problemas, todos recordamos o que se poido facer, ou o que é peor, "xa o decía eu dende fai tempo", sin que ningúnhuba tomado ningunha medida.**

**Sempre é mellor prevenir que lamentar, e tamén é bó aprender na cabeza doutros, tendo en conta que o noso clima, especialmente no inverno no é suave nin tranquilo e que en poucas datas, atoparemos algunhas rúas e fachadas engatadas para as Festas do Nadal, pero tamé no resto do ano, os barrios e parroquias levan a cabo as súas festas, ñas que se instalan bandeiras, pancartas e arcos de iluminación, cas que o peso e os vento son factores decisivos.**

**Dende CONVERXENCIA GALEGA, vimos a proponer ao Pleno para o séu debate e aprobación da seguinte MOCIÓN:**

**1º).- O Concello de A Guarda, levará a cabo unha revisión técnica dos anclaxes existentes ñas diversas rúas da nosa localidade donde se van a instalar alumeados públicos e megafonía.**

**2º).- O Concello de A Guarda, esixirá a presentación dunha copia da Póliza de Responsabilidade Civil da empresa instaladora de ditos ornatos denantes da colocación dos mesmos.**

**3º).- As Comisións de Festas, Negocios e ou Particulares que instalen e/ou dispoñan de anclaxes na vía pública, aportarán certificación da seguridade das mesmas emitido por técnico competente, denantes de levar a cabo calquer tipo de instalación.”**

A señora García Díaz di que ten dúbidas sobre se ese é o procedemento, e en relación co seguro de responsabilidade civil, dan por feito que a empresa o ten que presentar no



## CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

Concello. En relación co punto 3, un informe técnico para unha comisión de festas pode ser un gasto inasumible.

O señor Fontenla Martínez di que o Concello non é o último responsable da instalación, hai empresas e inspeccións da Consellería de Industria, non é o cometido dos técnicos municipais. En relación co punto terceiro, deben ter coherencia, pode haber casos distintos, as revisións estarán marcadas pola lei, o Concello non ten que revisar os anclaxes. Non apoiarán a moción.

O señor Español Otero di que comparte a opinión do PP.

A señora Estévez Álvarez di que é un punto bastante importante, máis vale prevenir, e se refire a unha noticia no Faro de Vigo sobre un suceso relacionado co asunto, da caída dun balcon sobre un neno e a súa cuidadora, e o xuíz fixo responsable á empresa instaladora porque o Concello de Vigo confrimou co seu técnico que o anclaxe estaba ben colocado.

O señor Español Otero di que iso non o cre nin ella. Xa coñecen a fonte da moción e o populismo da mesma. As empresas teñen que ter os seus permisos e protocolos, que non dubiden que haberá accidentes, incluso con todas as normas de seguridade, pero a responsabilidade será da empresa e non do Concello.

Sometida a votación a proposta, acadou o seguinte resultado:

**VOTOS A FAVOR:** Sra. Estévez Álvarez (un voto a favor).

**VOTOS EN CONTRA:** Sres/as Domínguez Freitas, Magallanes Alvarez, Español Otero, Rodríguez González, Vicente Baz, Crespo González, Castro González, Iglesias Ferreira, Rodríguez Amenedo, Fontenla Martínez, Vicente Santiago, Pazos Lomba e González Verde (trece votos en contra)

**ABSTENCIÓNS:** Sres/as Lomba Alonso e García Díaz (dúas abstencións).

**A moción non prospera.**

(Sae a señora Iglesias Ferreira, 22:40 horas).

### **R.E. nº 7.434 de Convergencia Galega.**

A señora Estévez Álvarez da lectura da seguinte moción:

**“Dende fai bastante tempo, distintos organismos oficiáis, entidades deportivas, culturais e sociais, venen tomando medidas para protexer a saúde e a vida dos que practican ditas actividades, ben en plan de lecer ou como profesionais, especialmente naqueles momentos en que unha fracción de tempo moi reducida pode marcar a diferenza entre a vida e a morte.**

**Na nosa localidade, existen unha boa cantidade de entidades deportivas que fan uso das instaiacións municipais, ñas que é preciso tomar medidas de defensa e**



## CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

**seguridade para os usuarios, tanto practicantes como espectadores donde o esforzo físico e a tensión da actividade, leva nalgúns momentos o máximo da resistencia e/ou do esgotamento.**

**Non podemos deixar pásalo tempo, e quedar a espera de que aconteza calquer percance para logo tomar medidas na defensa da saúde dos deportistas e dos espectadores que acuden a estas instanciacións.**

**Por todo elo, dende CONVERXENCIA GALEGA, vimos a proporner ao Pleno para o seu debate e aprobación a seguinte MOCIÓN:**

**1º).- O Concello de A Guarda dotará dunha unidade de DESFIBRILACION as instanciacións deportivas municipais ñas que existe unha gran afluencia de público para a práctica deportiva como é o caso de: PAVILLON, CAMPO DE FÚTBOL PISCINA e CLUBE DE REMO**

**2º).- o Concello de A Guarda, procederá a levar a cabo as xestións oportunas para que se impartan os cursos correspondentes o uso destes aparatos o persoal estable do GRUMIR, persoal municipal asignado as dependencias deportivas e para todos aqueles membros das directivas das entidades deportivas que queiran acudir os mesmos.**

**3º).- O Concello de A Guarda, por sí ou a través das distintas entidades administrativas, buscará o financiamento destas inversións.”**

O señor Lomba Alonso di que a Deputación de Pontevedra acaba de poñer en marcha un Plan para poñelos a disposición dos Concellos, e pide que se solicite a adhesión a ese Plan.

(Regresa a señora Iglesias Ferreira, 22:42 horas).

A señora Estévez Álvarez di que haberá que ver ese Plan.

O señor Lomba Alonso pide que o Concello poida adherirse.

O señor Fontenla Martínez di que é un tema importante, coñecen o programa da Deputación e propón poñer o punto terceiro en primeiro lugar, e despois facer un estudo sobre onde é necesario telos, buscando as solucións máis rendibles, dada a responsabilidade na súa utilización, e a aptitude da xente que teñan que manexalos. Propón darlle outro cauce á moción e aprobala, pero non tal e como está redactada.

A señora Estévez Álvarez di que non ten inconveniente, e oxalá non se teñan que utilizar, pero se é necesario, polo menos telos.

Intervén o señor Crespo González e di que o Concello xa está analizando o Convenio coa Deputación para pedir os que sexan necesarios, e despois está a realidade, pois igual os dan ou non. Teñen que mirar onde irían, e a formación dos destinatarios do seu manexo.

A señora Estévez Álvarez di que está de acordo con todo iso, e se consideran que necesitan máis dos que da a Deputación, que se pidan.



## CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

O señor Crespo González di que logo haberá que mira a realidade e ver o que nos dan.

A continuación se xenera un debate sobre o texto da moción, e se discute se cambian algún punto da súa redacción.

O señor Español Otero di que el votará o texto que ven proposto, pero aclara que está en marcha, xa están buscando financiación e están a punto de asinar un Convenio coa Deputación, terán que priorizar os lugares e instalacións onde potencialmente poden ser necesarios, porque o Concello terá que facer a súa aportación e hai que se prudentes.

A señora Estévez Álvarez di que retira a moción e pide que se lle traslade o Convenio.

Existindo un erro na redacción do orde do día, dado que non contén o punto de rogos e preguntas, e tendo en conta que se trata dun punto de carácter preceptivo nas sesións ordinarias, os membros presentes acordan incluílo a continuación, pedindo desculpas a Secretaria polo erro na redacción.

### **PUNTO 12.- ROGOS E PREGUNTAS.**

(Sae o señor Lomba Alonso, 22:55 horas).

#### **ROGOS E PREGUNTAS DE CONVERXENCIA GALEGA:**

A señora Estévez Álvarez fai os seguintes rogos e preguntas:

1.- Pide ter acceso ó Plan Director do Monte Trega.

O señor Alcalde di que lle contestará por escrito.

2.- Pregunta polo estado do expediente da débeda da anterior concesionaria da cafetería da Estación Marítima.

O señor Alcalde di que se trata dunha cuestión técnica, a tesoureira está dando os pasos oportunos. Descoñen o punto no que se atopa, engadindo a señora Magallanez Álvarez que se atopa en execución.

3.- Pregunta polo estudo de tráfico na Cruzada con Fonte da Cal, que foi un acordo plenario.

O señor Alcalde di que contestarán por escrito.

(Regresa o señor Lomba Alonso, 22:57 horas).

#### **ROGOS E PREGUNTAS DO BNG:**

A señora García Díaz di que as presentarán por escrito.





## CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

### **ROGOS E PREGUNTAS DO PP:**

O señor Fontenla Martínez fai os seguintes rogos e preguntas:

1.- En relación coas contestacións por escrito das preguntas, pois a unha pregunta que fixo o PP por Rexistro e despois no Pleno se tardou seis meses e se lles contestou con dúas liñas, cando habían dito que precisaba informe técnico, e pregunta cal é o tempo para contestar.

A Secretaria di que as preguntas que se fan no Pleno se contestan no seguinte Pleno, normalmente se inclúen nun anexo do acta.

2.- Pregunta pola posibilidade de que asociacións ou entes privados utilicen a fotocopiadora municipal para facer cartelería, e mostra un papel que atoparon na fotocopiadora do Concello. Pide que sexan igual de xustos.

O señor Rodríguez González di que non se utilizou. Él foi a fotocopiar uns informes e se lle debeu quedar alí ese papel, contestando o señor Fontenla Martínez que é o mesmo tipo de folio.

3.- Pregunta se as asociacións ou grupos poden facer uso de funcionarios e material municipal para actividades privadas, e cal é a fórmula para solicitalo.

O señor Español Otero di que non se debe, aínda que nas súas horas libres poden facer o que queiran.

O señor Fontenla Martínez di que o que non poden é usar material municipal, e se refire ó uso do camión municipal para levar a cabo tarefas de transporte dun determinado grupo político.

O señor Español Otero di que calquera particular pode solicitalo, neste caso se inundou o baixo dun local que é a sede dun partido político, e debían sacar urxentemente o material, polo que se chamou ó camión para que pola tarde lles botara unha man, igual que calquera particular.

O señor Fontenla Martínez pregunta se poden facelo.

A señora Magallanes Álvarez di que como calquera particular, engadindo o señor Español Otero que a pregunta é capciosa.

Intervén o señor Alcalde e fai referencia á saídas do GRUMIR para prestar axuda ós particulares, que se levan a cabo.

A señora Magallanes Álvarez di que un grupo político non é menos que ningún particular.



## CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

4.- En relación coa canalización do Monte e o camiño que se vai seguir, pregunta qué se vai facer.

O señor Alcalde di que había un compromiso da Deputación de aportar o 50% da obra, e a súa sorpresa foi que na dotación orzamentaria deste ano apareceu unha partida de 200.000 euros. Tardaron dous meses en conseguir resposta a isto, e se lles dixo que era unha primeira anualidade. Habería que conseguir os 200.000 euros restante, e a dificultade é cómo se vai afrontar a obra, o total da obra, e non unha soa fase. Di que o Concello, as Comunidades de Montes e o Padroado non poden, e non saben cómo sortear a contratación desa obra. Di que quere pensar que non entra en controversia co Plan Director, pois está informado por Patrimonio.

5.- Se están remitindo por Tesorería cartas a empresas xa liquidadas hai ano, e pregunta se non coñece o Concello as empresas que non están activas.

A señora Magallanes Álvarez di que o Padrón lles chega de Tráfico, as altas e baixas as da Tráfico, hai xente que leva o seu coche ó desguace e non tramita a baixa.

Insiste o señor Fontenla Martínez en que se trata de empresas que xa están liquidadas, contestando o señor Alcalde que as baixas as da Tráfico.

A señora Vicente Santiago di que a empresa desapareceu, e en Tesorería ven que se trata dunha empresa que non existe.

A señora Magallanes Álvarez di que o listado ven dende Pontevedra, o Concello non o pode depurar, o que se pide é unha ilegalidade, deberían falar coa Tesorera e dalo de baixa.

A señora Iglesias Ferreira pregunta qué sucedeu co tratado na Comisión de Urbanismo sobre a rúa Levada número 4, respondendo o señor Alcalde que se lle trasaldou ó Cabo para que fixera averiguacións, pois a señora non está aquí, e se ven en Nadal, contactarán con ela. Hai dificultades pola documentación.

E non habendo máis asuntos que tratar, sendo á vinte e tres horas e quince minutos o Sr. Presidente levanta a sesión, de todo o que eu, como Secretaria, dou fe.

Visto e Prace  
O Alcalde - Presidente,

A Secretaria,

José Manuel Domínguez Freitas

Julia María Carrasco González-Alegre

**ANEXO:**

**RESPOSTA ÓS ROGOS E PREGUNTAS DE CONVERXENCIA GALEGA:**



## CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

### **1.- Pide ter acceso ó Plan Director do Monte Trega.**

Póñase en contacto con Secretaría para ter acceso ó documento.

### **2.- Pregunta polo estado do expediente da débeda da anterior concesionaria da cafetería da Estación Marítima.**

Vaiselle notificar o inicio do procedemento de apremio do mesmo xeito que se fai con todos aqueles que non aboan as súas obrigas en período voluntario.

### **3.- Pregunta polo estudo de tráfico na Cruzada con Fonte da Cal, que foi un acordo plenario.**

O acordo plenario ó que fai referencia, adoptado en sesión de 25/11/2011 (*“Instar ó señor Alcalde e ó concelleiro de tráfico a facer un realce no paso de peóns que hai no Pírún (n2 50 de Circunvalación), para aminora-la velocidade dos vehículos que venen de Camposancos en dirección o centro de A Guarda e facer outro no final da Cruzada (Como se suxerimos na imaxen”*), está incluído no Plan Provincial do presente ano.